

# PROGRAMACIÓN

ENSEÑANZA BÁSICA OBLIGATORIA

Curso 2021/2022

## **ÍNDICE**

<b>INTRODUCCIÓN</b>	<b>10</b>
<b>XUSTIFICACIÓN</b>	<b>10</b>
<b>PERFIL DO ALUMNADO</b>	<b>11</b>
<b>OBXECTIVOS XERAIS</b>	<b>12</b>
<b>COMPETENCIAS BÁSICAS</b>	<b>14</b>
<b>CONTIDOS</b>	<b>25</b>
<b>ENSINANZA BÁSICA OBLIGATORIA</b>	<b>25</b>
Lingua galega e literatura (6º Primaria)	25
Lingua galega el literatura (1º de ESO)	30
Lingua galega e literatura (2º de ESO)	33
Lingua galega e literatura (3º de ESO)	34
Lingua castelá e literatura (6º Primaria)	37
Lingua castelá e literatura (1º ESO)	41
Lingua castelá e literatura (2º ESO)	42
Lingua castelá e literatura (3º ESO)	43
Primeira lingua estranxeira -inglés- (6º Primaria)	46
Primeira lingua estranxeira –inglés- (1º ESO)	48
Primeira lingua estranxeira –inglés- (2º ESO)	49
Primeira lingua estranxeira –inglés- (3º ESO)	51
Matemáticas (6º Primaria)	54
Matemáticas (1º de ESO)	57
Matemáticas (2º de ESO)	59

Matemáticas Aplicadas (3º de ESO)	60
Ciencias Sociais (6º Primaria)	62
Xeografía e historia (1º de ESO)	65
Xeografía e historia (2º de ESO)	66
Xeografía e historia (3º de ESO)	68
Ciencias da Natureza (6º Primaria)	69
Bioloxía e Xeoloxía (1º de ESO)	71
Bioloxía e Xeoloxía (3º de ESO)	73
Física e química (2º de ESO)	75
Física e química (3º de ESO)	76
Educación física (6º Primaria)	77
Educación física (1º de ESO)	81
Educación física (2º de ESO)	82
Educación física (3º de ESO)	84
Valores cívicos e sociais (6º Primaria)	86
Valores éticos (1º de ESO)	90
Valores éticos (2º de ESO)	91
Valores éticos (3º de ESO)	92
Educación plástica (6º Primaria)	94
Educación plástica, visual e audiovisual (1º de ESO)	95
Educación plástica, visual e audiovisual (3º de ESO)	97
Educación musical (6º Primaria)	98
Música (2º de ESO)	99

Música (3º de ESO)	102
Tecnoloxía (2º de ESO)	104
Tecnoloxía (3º de ESO)	105
Cultura clásica (3º de ESO)	106
<b>TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS</b>	<b>107</b>
Lingua galega e literatura (6º Primaria)	109
Lingua galega e literatura (1º de ESO)	114
Lingua galega e literatura (2º de ESO)	118
Lingua galega e literatura (3º de ESO)	120
Lingua castelá e literatura (6º Primaria)	123
Lingua castelá e literatura (1º de ESO)	127
Lingua castelá e literatura (2º de ESO)	128
Lingua castelá e literatura (3º de ESO)	130
Primeira lingua estranxeira -Inglés- (6º Primaria)	133
Primeira lingua estranxeira -Inglés- (1º de ESO)	135
Primeira lingua estranxeira –inglés- (2º de ESO)	138
Primeira lingua estranxeira –inglés- (3º de ESO)	140
Matemáticas (6º Primaria)	43
Matemáticas (1º de ESO)	146
Matemáticas (2º de ESO)	149
Matemáticas (3º de ESO)	150
Ciencias Sociais (6º Primaria)	153
Xeografía e historia (1º de ESO)	156

Xeografía e historia (2º de ESO)	158
Xeografía e historia (3º de ESO)	159
Ciencias da Natureza (6º Primaria)	160
Bioloxía e xeoloxía (1º ESO)	163
Bioloxía e xeoloxía (3º de ESO)	165
Física e química (2º de ESO)	167
Física e química (3º de ESO)	168
Educación física (6º Primaria)	170
Educación física (1º de ESO)	174
Educación física (2º de ESO)	176
Educación física (3º de ESO)	178
Valores cívicos e sociais (6º Primaria)	180
Valores éticos (1º de ESO)	184
Valores éticos (2º de ESO)	186
Valores éticos (3º de ESO)	187
Educación plástica (6º Primaria)	189
Educación plástica, visual e audiovisual (1º de ESO)	191
Educación plástica, visual e audiovisual (3º de ESO)	192
Educación musical (6º Primaria)	194
Música (2º de ESO)	195
Música (3º ESO)	198
Tecnoloxía (2º de ESO)	201
Tecnoloxía (3º de ESO)	202

Cultura clásica (3º de ESO)	203
<b>METODOLOXÍA</b>	<b>204</b>
<b>MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS</b>	<b>207</b>
<b>ACTIVIDADES</b>	<b>208</b>
<b>AVALIACIÓN</b>	<b>209</b>
<b>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</b>	<b>210</b>
Lingua galega e literatura (6º Primaria)	210
Lingua galega e literatura (1º de ESO)	213
Lingua galega e literatura (2º de ESO)	215
Lingua galega e literatura (3º de ESO)	218
Lingua castelá e literatura (6º Primaria)	220
Lingua castelá e literatura (1º de ESO)	223
Lingua castelá e literatura (2º de ESO)	224
Lingua castelá e literatura (3º de ESO)	225
Primeira lingua estranxeira -inglés- (6º Primaria)	226
Primeira lingua estranxeira –inglés- (1º de ESO)	228
Primeira lingua estranxeira –inglés- (2º de ESO)	229
Primeira lingua estranxeira –inglés- (3º de ESO)	232
Matemáticas (6º Primaria)	234
Matemáticas (1º de ESO)	237
Matemáticas (2º de ESO)	238
Matemáticas (3º de ESO)	240
Ciencias Sociais (6º Primaria)	242

Xeografía e historia (1º de ESO)	245
Xeografía e historia (2º de ESO)	246
Xeografía e historia (3º de ESO)	248
Ciencias da Natureza (6º Primaria)	249
Bioloxía e xeoloxía (1º de ESO)	251
Bioloxía e xeoloxía (3º de ESO)	253
Física e Química (2º de ESO)	255
Física e Química (3º de ESO)	257
Educación física (6º Primaria)	259
Educación física (1º ESO)	261
Educación física (2º ESO)	262
Educación física (3º de ESO)	263
Valores cívicos e sociais (6º Primaria)	265
Valores éticos (1º de ESO)	267
Valores éticos (2º de ESO)	270
Valores éticos (3º de ESO)	271
Educación plástica (6º Primaria)	273
Educación plástica, visual e audiovisual (1º de ESO)	274
Educación plástica, visual e audiovisual (3º de ESO)	276
Educación musical (6º Primaria)	277
Música (2º de ESO)	278
Música (3º de ESO)	279
Tecnoloxía (2º de ESO)	281

Tecnología (3º de ESO)	282
Cultura clásica (3º ESO)	283
<b>BIBLIOGRAFÍA</b>	<b>286</b>





## **INTRODUCCIÓN**

As aulas específicas de educación especial teñen como finalidade principal a escolarización obrigatoria do alumnado que, pola gravidade ou permanencia das súas necesidades educativas, precise recursos e atención que non poidan proporcionarse en contextos ordinarios. A pesar disto, a súa escolarización rexerese polos principios de normalización e inclusión, e asegurará a non discriminación e a igualdade efectiva no acceso, así como a permanencia no sistema educativo.

Consideramos estas aulas como espazos nos que se intentará responder de maneira axeitada ao desenvolvemento global do alumnado, tendo en conta as necesidades individuais de cada un, co fin de poder preparalo, ou ben para a volta á ensinanza ordinaria -vía Ensinanza Básica Obrigatoria (ESO), vía Formación profesional Básica (FPB)-, ou ben para a inserción laboral, mediando, de ser preciso, coas institucións que apostan polo emprego protexido.

## **XUSTIFICACIÓN**

Pretendemos crear, aproveitando tanto os recursos humanos como os materiais, un espazo educativo que garanta o acceso dos estudantes a unhas competencias básicas, promovendo a equidade de oportunidades e a inclusión social. Para isto, centrarémonos no desenvolvemento de competencias clave, esenciais para o bo desenvolvemento na sociedade. Estas competencias

representan un conxunto transferible e multifuncional de coñecementos, habilidades, procedementos e actitudes que todos os individuos precisan para a realización persoal, o desenvolvemento, a inclusión social e a inserción laboral. Estas ferramentas vitais adquírenas en base aos principios educativos propios de centro:

- A nosa filosofía baséase nos principios da normalización, inclusión e equidade.
- O centro dispón dun equipo de profesionais ben formado e con experiencia: 6 mestras de pedagogía terapéutica.
- Traballamos nun clima de afecto no que os alumnos e alumnas se sinten acollidos e valorados en todo momento.
- Trasladamos a normalidade ás aulas específicas coa finalidade de que a educación especial estea cada vez máis preto do ensino regular: unha única sociedade precisa dun único sistema educativo que respecte a diferenza.

## **PERFIL DO ALUMNADO**

Actualmente, hai oito alumnos matriculados cursando a educación básica obrigatoria. Agárdanse novas matrículas ao longo do curso, atendendo aos criterios de discapacidade intelectual, segundo nos informa o Equipo de Orientación Específico.

## **OBXECTIVOS XERAIS**

- Construír a súa propia identidade e formar unha imaxe positiva e axustada de si mesmo, tomando gradualmente conciencia das súas emocións e sentimentos, a través do coñecemento e valoración das características propias, as súas posibilidades e os seus límites.
- Adquirir autonomía na realización das actividades da vida diaria e na práctica de hábitos básicos de saúde e benestar, potenciando a súa capacidade de iniciativa.
- Reducir estereotipias e aumentar as condutas funcionais.
- Potenciar a capacidade de atención selectiva e sostida; favorecer o cambio atencional e a concentración.
- Desenvolver aprendizaxes significativas que permitan a súa xeneralización noutros contextos.
- Adquirir hábitos de estudo e procedementos de traballo.
- Reforzar os coñecementos instrumentais básicos, afianzando as habilidades comunicativas e numéricas, a capacidade de razoamento e resolución de problemas da vida cotiá, así como o desenvolvemento da creatividade dos alumnos e das alumnas.
- Empregar formas de linguaxe de forma cada vez máis adecuada ás diferentes situacións de comunicación para comprender e ser comprendido polos outros.
- Comprender e representar algunhas nocións lóxico-matemáticas.

- Aproximarse á lectura e á escritura en situacións da vida cotiá, valorando a linguaxe escrita como instrumento de comunicación, representación e disfrute.
- Observar e explorar o seu entorno físico, natural, social e cultural, xerando interpretacións dalgúns fenómenos e feitos significativos para coñecer e comprender a realidade e participar nelas de forma crítica.
- Favorecer a interacción co grupo de iguais.
- Apreciar a importancia dos valores básicos que rexen a vida e a convivencia humana.
- Iniciar e profundizar no emprego de novas tecnoloxías.
- Promover a socialización do alumnado, baseándonos no principio de inclusión na escola.
- Desenvolver as habilidades tanto emocionais como cognitivas dos alumnos; aspectos, ambos, que favorecen a inclusión comunicativa e social.
- Posibilitarlles a máxima autonomía, o que lles vai a permitir que a súa participación nos contextos da vida adulta sexa máis doada.
- Promover unha actitude positiva en relación a si mesmo e aos demais baseada na tolerancia e respecto ás diferencias.
- Fortalecer o coñecemento instrumental básico e ampliar sempre que sexa posible, habilidades de comunicación, capacidade de razoamento e resolución de problemas da vida cotiá.

- Desenvolver a lectura e a escritura a través de varios textos relacionados coa vida cotiá.
- Establecer relacións emocionais satisfactorias, expresar libremente os seus sentimentos e comprender os dos outros, e desenvolver actitudes de axuda mutua e de cooperación e respecto ás diferenzas individuais.
- Coñecer as normas e modos de comportamento social e organización dos contextos dos que forman parte, participando activamente deles.

## COMPETENCIAS BÁSICAS

As competencias básicas fan referencia ás capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada materia, co fin de lograr a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

Estas competencias -**Competencia en comunicación lingüística (CCL)**; **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)**; **Competencia dixital (CD)**; **Aprender a aprender (CAA)**; **Competencias sociais e cívicas (CSC)**; **Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)**; **Conciencia e expresións culturais (CCEC)**- serán traballadas en cada unha das áreas do currículo que se desenvolvan na aula.

A continuación, expoñemos os diversos obxectivos e contidos que se traballarán coas competencias clave expostas con anterioridade, así como as áreas onde se desenvolverán:

**Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico** implica a capacidade de aplicar o razoamento matemático e as ferramentas para describir, interpretar e predicir varios fenómenos no contexto.

***Obxectivos xerais:***

- Coñecer, valorar e desfrutar do contorno natural, social e cultural, as interaccións entre eles, así como as posibilidades de defensa, mellora e conservación del.
- Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

***Áreas máis directamente relacionadas:***

- Lingua galega e literatura.
- Lingua castelá e literatura.
- Primeira lingua estranxeira (inglés).
- Matemáticas.
- Xeografía e Historia.
- Bioloxía e xeoloxía.
- Física e química.
- Educación física.
- Valores éticos.
- Educación plástica, visual e audiovisual.
- Música.

- Tecnoloxía.

**Competencia cultural e artística** implica coñecer, comprender, apreciar e valorar de forma crítica, cunha actitude aberta e respectuosa, diferentes demostracións culturais e artísticas, empregalas como unha fonte de enriquecemento persoal e pracer e consideralas como parte da riqueza e do patrimonio dos pobos.

***Obxectivos xerais:***

- Coñecer, valorar e desfrutar do contorno natural, social e cultural, as interaccións entre eles, así como as posibilidades de defensa, mellora e conservación del.
- Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas, desenvolvendo a sensibilidade estética e a capacidade de desfrute das súas diferentes manifestacións e iniciándose na construción de propostas persoais.
- Coñecer, comprender, valorar e respectar as diferentes culturas e os seus patrimonios, as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non-discriminación de persoas por ningunha causa.

***Áreas máis directamente relacionadas:***

- Bioloxía e xeoloxía.
- Lingua galega e literatura
- Lingua castelá e literatura.



- Primeira lingua estranxeira (inglés).
- Música
- Educación plástica, visual e audiovisual
- Educación en valores éticos
- Cultura clásica

**Competencia en comunicación lingüística** é o resultado da acción comunicativa dentro de certas prácticas sociais en que o individuo actúa con outros socios e mediante textos en múltiples formas, formatos e medios de comunicación.

***Obxectivos xerais:***

- Coñecer e utilizar apropiadamente a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura e de respecto á diversidade lingüística.
- Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

***Áreas máis directamente relacionadas:***

- Lingua galega e literatura
- Lingua castelá e literatura.
- Primeira lingua estranxeira (inglés).

### **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**

Implica a capacidade de aplicar o razoamento matemático e ferramentas para describir, interpretar e predicir varios fenómenos no contexto.

#### ***Obxectivos xerais:***

- Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicalos a situacións da súa vida cotiá.

#### ***Áreas máis directamente relacionadas:***

- Matemáticas.
- Lingua galega e literatura
- Lingua castelá e literatura.
- Bioloxía e xeoloxía.
- Física e química.
- Tecnoloxía

**Competencia dixital e tratamento da información** é aquela que implica o uso creativo, crítico e seguro da tecnoloxía de información e comunicación para acadar os obxectivos relacionados co traballo, a empregabilidade, a aprendizaxe, o uso do tempo de lecer, inclusión e participación na sociedade.

#### ***Obxectivos xerais:***

- Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que recibe e elabora.
- Utilizar estratexias persoais e variadas para obter, seleccionar, organizar, transformar, representar e comunicar a información.

**Áreas máis directamente relacionadas:**

- Matemáticas.
- Lingua galega e literatura
- Lingua castelá e literatura.
- Primeira lingua estranxeira (inglés).
- Bioloxía e xeoloxía.
- Física e química.
- Tecnoloxía.
- Cultura clásica

**Competencia para aprender a aprender** implica a capacidade de iniciar, organizar e afianzar a aprendizaxe.

**Obxectivos xerais:**

- Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.

- Utilizar estratexias persoais e variadas para obter, seleccionar, organizar, transformar, representar e comunicar a información.

**Áreas máis directamente relacionadas:**

- Lingua galega e literatura
- Lingua castelá e literatura.
- Primeira lingua estranxeira (inglés).
- Matemáticas.
- Bioloxía e xeoloxía.
- Física e química.
- Educación Física.
- Educación plástica, visual e audiovisual.
- Cultura clásica

**Autonomía e iniciativa persoal** é a capacidade de identificar as oportunidades dispoñibles para o seu uso persoal, profesional e comercial.

**Obxectivos xerais:**

- Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o do resto das persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo,

sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.

- Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lle permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos cales se relaciona. Fomentar a práctica e o respecto de normas cívicas e de aspectos de educación viaria, asumindo comportamentos que incidan na vida saudable, no consumo responsable, na seguridade e na prevención dos accidentes de tráfico.
- Desenvolver as capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas relacións co resto das persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.

***Áreas máis directamente relacionadas:***

- Bioloxía e xeoloxía.
- Física e química.
- Tecnoloxía.
- Educación en valores éticos.
- Lingua galega e literatura
- Lingua castelá e literatura.
- Primeira lingua estranxeira (inglés).
- Educación física.

**Competencia social e cidadá** implica a habilidade e capacidade de usar coñecementos e actitudes sobre a sociedade, entendida desde diferentes perspectivas para interpretar os fenómenos e conflitos sociais.

***Obxectivos xerais:***

- Coñecer e apreciar os valores e as normas da convivencia, aprender a actuar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- Desenvolver as capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas relacións co resto das persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
- Coñecer, comprender, valorar e respectar as diferentes culturas e os seus patrimonios, as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e de oportunidades de homes e mulleres e a non-discriminación de persoas por ningunha causa.
- Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lle permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos cales se relaciona o alumnado. Fomentar a práctica e o respecto de normas cívicas e de aspectos de educación viaria, asumindo comportamentos que incidan na

vida saudable, no consumo responsable, na seguridade e prevención dos accidentes de tráfico.

- Coñecer, valorar e desfrutar do seu contorno natural, social e cultural, as interaccións entre eles, así como as posibilidades de defensa, mellora e conservación del.
- Desenvolver as capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas relacións co resto das persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.

***Áreas máis directamente relacionadas:***

- Bioloxía e xeoloxía.
- Xeografía e historia.
- Lingua galega e literatura
- Lingua castelá e literatura.
- Primeira lingua estranxeira (inglés).
- Educación física.
- Educación en valores éticos.
- Cultura clásica.

## CONTIDOS

### ENSINANZA BÁSICA OBLIGATORIA

Baseándonos no nivel de competencia curricular que presentan os e as estudantes, tomaremos como **currículo de referencia** o de 6º de Educación Primaria e os de 1º, 2º e 3º de Educación Secundaria Obrigatoria (Decreto 86/2015, do 25 de xuño) para establecer os contidos que imos traballar na aula.

#### Lingua galega e literatura (6º Primaria)

- Uso de documentos audiovisuais como medio de obter, identificar, seleccionar, clasificar, comparar e relacionar con progresiva autonomía informacións relevantes para aprender.
- Comprensión e produción de textos orais para aprender e para informarse, tanto os creados con finalidade didáctica como os de uso cotián, de carácter informal (conversas entre iguais e no equipo de traballo) e dun maior grao de formalización (exposicións da clase, entrevistas ou debates).
- Actitude de escoita adecuada ante situacións comunicativas (tolerancia ás opinións, escoita atenta, respecto das de quen fala sen interrupcións inadecuadas, contacto visual).



- Participación e cooperación nas situacións comunicativas de relación social, especialmente as destinadas a favorecer a convivencia (debates, exposicións curtas, conversas, expresións espontáneas, discusións, asembleas, narracións orais, entrevistas) con valoración e respecto das normas que rexen a interacción oral (quendas de palabra, roles diversos no intercambio, respecto ás opinións das demais persoas, ton de voz, posturas e xestos adecuados).
- Uso de estratexias elementais para comprender e facer comprender as mensaxes orais: fluidez, claridade, orde, léxico apropiado, pronuncia correcta, ton de voz, entoación, xestualidade. Incorporación das intervencións das demais persoas, formulación de preguntas coherentes e percepción das reaccións.
- Recoñecemento e valoración das diferenzas dialectais orais da lingua galega, como elemento enriquecedor da lingua.
- Comprensión de textos do ámbito escolar en soporte papel ou dixital para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso social (folletos informativos ou publicitarios, prensa, programas, fragmentos literarios).
- Subliñado, esquematización e resumo da información relevante dun texto.
- Uso das estratexias de control do proceso lector (anticipación, formulación de hipóteses, relectura...).
- Uso dirixido das tecnoloxías da información e da comunicación para a localización, selección, interpretación e organización da información.

- Realización de diferentes tipos de lectura: de investigación, de aprendizaxe, de gozo persoal, de resolución de problemas.
- Lectura expresiva de textos literarios e non literarios, de diferente tipoloxía textual.
- Utilización das bibliotecas, incluíndo as virtuais, de xeito cada vez máis autónomo, para obter información e modelos para a produción escrita
- Desenvolvemento da autonomía lectora, da capacidade de elección de temas e de textos e de expresión das preferencias persoais.
- Análise de textos escritos en diferentes variedades da lingua galega.
- Produción de textos relacionados co ámbito académico para obter, organizar e comunicar información (cuestionarios, enquisas, resumos, esquemas, informes, descrições, explicacións).
- Redacción de textos breves creativos: carteis publicitarios, anuncios, cómics, contos, poemas, cancións, anécdotas...
- Uso progresivamente autónomo das TIC na busca de información, o tratamento dos textos e a realización de presentacións.
- Interese polo coidado e a presentación dos textos escritos e respecto pola norma ortográfica.
- Uso e identificación intuitiva da terminoloxía seguinte nas actividades de produción e interpretación: denominación dos textos traballados; clases de palabras, sílaba tónica e átona; enunciados: frase e oración; tipos de enunciado: declarativo, interrogativo, exclamativo, imperativo; enlaces: preposición, conxunción e interxección; grupo de palabras: núcleo e

complementos; substantivos, artigos e pronomes, adxectivo; tempo e modo verbal; persoa gramatical; modo imperativo e infinitivo; complementos do nome e complementos do verbo: o suxeito.

- Coñecemento das normas ortográficas, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas nos escritos.
- Comparación e transformación de enunciados, mediante inserción, supresión, cambio de orde, segmentación e recomposición, para xulgar sobre a gramaticalidade dos resultados e facilitar o desenvolvemento dos conceptos lingüísticos e da metalinguaxe.
- Identificación, en oracións, do verbo e os seus complementos, especialmente o suxeito, así como o papel semántico deste (axente, paciente e causa).
- Práctica do paso de estilo directo a estilo indirecto na narración, e viceversa, para mellorar a produción de textos.
- Uso eficaz do dicionario, en papel ou dixital, na busca da ampliación do vocabulario e como consulta ortográfica e gramatical.
- Ampliación do vocabulario, mediante o traballo con palabras sinónimas, antónimas, homónimas, polisémicas; aumentativos e diminutivos, arcaísmos, neoloxismos, estranxeirismos, frases feitas, siglas e abreviaturas.
- Ampliación do vocabulario mediante os procedementos de creación de palabras: derivación (prefixos e sufixos) e composición.

- Coñecemento das características relevantes (históricas, socioculturais...) da lingua galega e identificación e valoración desta lingua dentro da realidade plurilingüe e pluricultural de España e de Europa.
- escoita, memorización e reprodución de textos procedentes da literatura popular oral galega (refráns, adiviñas, lendas, contos, poemas, conxuros, cancións, ditos, romances, cantigas) e da literatura galega en xeral.
- Valoración e aprecio do texto literario galego (oral ou non) como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.
- Lectura persoal, silenciosa e en voz alta de obras en galego adecuadas á idade e aos intereses (conto, cómic, novela).
- Lectura comentada de poemas, de relatos e de obras teatrais tendo en conta as convencións literarias (xéneros, figuras) e a presenza de certos temas e motivos repetitivos e tópicos.
- Recreación e composición de poemas e relatos para comunicar sentimentos, emocións, estados de ánimo, lembranzas, recoñecendo as características dalgúns modelos.

### **Lingua galega e literatura (1º de ESO)**

- Comprensión e interpretación de textos orais utilizados no ámbito social e educativo (instrucións, presentacións de tarefas e breves exposicións orais de temáticas variadas).

- Desenvolvemento de habilidades de escoita activa con actitude de interese, de cooperación e de respecto.
- Desenvolvemento de habilidades de escoita activa con actitude de interese, de cooperación e de respecto.
- Producción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.
- Participación activa en situacións propias do ámbito educativo (pedimento de aclaracións, intercambio de opinións e exposición de conclusións).
- Aplicación de técnicas de análise do contido e estratexias de lectura comprensiva.
- Comprensión e interpretación de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado: mensaxes electrónicas ou de móbil, normas e instrucións de uso.
- Actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes que transmitan prexuízos ou usos lingüísticos discriminatorios, especialmente, os que aparecen nos medios de comunicación.
- Lectura en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa, aos patróns fonéticos do galego e aos signos de puntuación.
- Producción, en formato papel ou dixital, de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: notas, cartas, avisos, mensaxes electrónicas ou de móbil.

- Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos léxicos traballados na aula.
- Uso eficaz dos dicionarios e doutras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, especialmente sobre clases de palabras e normativa.
- Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.
- Análise e uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión textual.
- Recoñecemento, uso e explicación das categorías gramaticais básicas (substantivo, adxectivo cualificativo, verbo, adverbio, etc.) así como a diferenza entre palabras flexivas e non flexivas para a creación e comprensión de textos.
- Coñecemento das regras de concordancia e das funcións sintácticas principais no seo da oración para elaborar enunciados cun estilo cohesionado e correcto.
- Recoñecemento das modalidades asertivas, interrogativas, exclamativas, desiderativas, dubitativas e imperativas en relación coa intención comunicativa do emisor.
- Coñecemento, uso e aplicación das estratexias necesarias de autoavaliación, aceptando o erro como parte do proceso.
- Valoración das linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo.

- O plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.
- Prexuízos lingüísticos.
- Recoñecemento e valoración dos principais fenómenos que caracterizan as variedades diatópicas do galego.
- Comparación de textos literarios e non literarios e diferenciación de textos dos tres grandes xéneros a partir dos seus trazos característicos máis xerais.
- Lectura expresiva e comprensiva, audicións de poemas recitados ou cantados, determinación da temática ou temáticas abordadas e descrición dos valores estilísticos dos textos.
- Descrición e caracterización dos trazos definitorios básicos do cómic e a canción como linguaxes artísticas.

### **Lingua galega e literatura (2º de ESO)**

- Comprensión, interpretación e resumo de novas de actualidade e de informacións de crónicas, reportaxes e documentais procedentes dos medios de comunicación audiovisual.
- Desenvolvemento de habilidades de escoita cunha actitude de interese, cooperación e respecto ante as intervencións orais, sobre todo en exposicións do profesorado ou do alumnado.
- Participación activa en situacións propias do ámbito educativo e de interese para o alumnado que xeren intercambio de opinión.

- Construción de discursos adecuados a distintos rexistros, coherentes e ben organizados sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e educativo.
- Lectura en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa e á súa función, con posibilidade de usar recursos audiovisuais para o rexistro de voz.
- Uso eficaz dos dicionarios e doutras fontes de consulta en calquera soporte, especialmente sobre flexión, relación semántica e normativa.
- Coñecemento, comparación, uso e valoración das normas que regulan os textos orais e escritos, propios e alleos.
- Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.
- Recoñecemento da estrutura de substantivos e verbos e da súa caracterización morfolóxica para a mellora da comprensión e produción textuais.
- Coñecemento dos compoñentes sintácticos no nivel da frase para elaborar enunciados, orais e escritos, cun estilo cohesionado e correcto.
- Valoración das linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo.
- Prexuízos lingüísticos.
- Lectura expresiva e comprensiva de textos narrativos breves e localización e descrición dos elementos estruturais e formais máis salientables: punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais.



### **Lingua galega e literatura (3º de ESO)**

- Comprensión e interpretación de textos orais propios dos medios de comunicación audiovisual, con especial atención ás entrevistas, noticias, crónicas e reportaxes.
- escoita crítica e reflexiva ante as mensaxes discriminatorias dos medios de comunicación, con especial atención aos programas de carácter informativo: noticias reportaxes e crónicas.
- Comprensión, interpretación e valoración de textos expositivos e argumentativos.
- Comprensión, interpretación e valoración de textos orais usados no ámbito educativo.
- Participación activa en situacións propias do ámbito educativo e de interese para o alumnado que xeren intercambio de opinión..
- Desenvolvemento de habilidades de escoita cunha actitude de interese, cooperación e respecto ante as intervencións orais, sobre todo en exposicións do profesorado ou do alumnado.
- Coñecemento, uso e aplicación de técnicas e estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso nas prácticas orais formais e informais.
- Construción de discursos adecuados a distintos rexistros, coherentes e ben organizados sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e educativa.

- Coñecemento e aplicación, con axuda das TIC, de técnicas e estratexias para a produción de textos orais sobre temas de actualidade.
- Uso de técnicas de análise do contido e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica de textos.
- Comprensión e interpretación de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais
- Comprensión e interpretación de textos propios dos medios de comunicación e distinción dos contidos informativos e das opinións en entrevistas, crónicas e reportaxes.
- Uso case autónomo dos recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para obter, organizar e seleccionar a información.
- Lectura fluída en voz alta respectando os patróns fonéticos do galego.
- Planificación, produción e revisión do texto con adecuación, coherencia, cohesión e respecto polas normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas.
- Uso das TIC como un medio de comunicación e interrelación social a través da escritura.
- Recoñecemento e identificación das categorías gramaticais.
- Uso progresivo, autónomo e eficaz dos dicionarios, das bibliotecas e doutras fontes de consulta en diferentes soportes, especialmente sobre cuestións de uso, de norma e como fonte de obtención de información.
- Coñecemento, aplicación e valoración das normas ortográficas para conseguir unha comunicación eficaz.

- Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.
- Valoración das linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo.
- O plurilingüísimo como expresión da riqueza cultural da humanidade e consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega, afirmando o plurilingüísimo.
- Prexuízos lingüísticos.
- Creación ou recreación de textos sinxelos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos.

### **Lingua castelá e literatura (6º Primaria)**

- Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais.
- Participación en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso ordenado e coherente.
- Comprensión de textos orais segundo a súa tipoloxía. Ideas principais e secundarias. Ampliación do vocabulario. Redes semánticas.

- Identificación da finalidade comunicativa de textos de diferentes tipoloxías: atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos e argumentativos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios, prescritivos e persuasivos) Ideas principais e secundarias. Ampliación do vocabulario. Redes semánticas.
- Expresión e produción de textos orais segundo a súa tipoloxía: narrativos, descritivos argumentativos, expositivos, instrutivos, informativos e persuasivos.
- Consolidación do sistema de lecto-escritura.
- Lectura en voz alta e en silencio de distintos tipos de texto.
- Comprensión de textos, en voz alta e en silencio, segundo a súa tipoloxía.
- Subliñado, esquematización e resumo da información relevante dun texto.
- Gusto pola lectura. Hábito lector. Lectura de diferentes textos como fonte de información, de deleite e de diversión.
- Uso da biblioteca para a procura de información e utilización da mesma como fonte de aprendizaxe.
- Uso guiado das Tecnoloxías da Información e a Comunicación para a localización, selección, interpretación e organización da información.
- Produción de textos para comunicar coñecementos, experiencias e necesidades: atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos e argumentativos) e á súa intención comunicativa (informativos, literarios, prescritivos e persuasivos).

- Cohesión do texto: enlaces, substitucións léxicas, mantemento do tempo verbal e puntuación.
- Aplicación das normas ortográficas e signos de puntuación (punto e coma, guión, dous puntos, raia, signos de entoación, parénteses, etc). Acentuación.
- Realización de ditados.
- Creación de textos utilizando a linguaxe verbal e non verbal con intención informativa: carteis publicitarios. Anuncios. Cómicos.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e explicación reflexiva do seu uso en situacións concretas de comunicación (nome, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, conxunción, pronomes, artigos, interxeccións).
- Conxugación dos verbos regulares e irregulares máis frecuentes.
- Vocabulario: sinónimos e antónimos, palabras polisémicas e homónimas, arcaísmos, estranxeirismos e neoloxismos. Frases feitas. Formación de substantivos, adxectivos e verbos. Recursos derivativos: prefixos e sufixos na formación de nomes, adxectivos e verbos. Siglas e abreviaturas.
- Recoñecemento e observación reflexiva dos constituíntes oracionais: a oración simple, suxeito e predicado.
- Recoñecemento e uso dalgúns conectores textuais (de orde, contraste e explicación) e dos principais mecanismos de referencia interna, tanto

gramaticais (substitucións pronominais) coma léxicos (elipses e substitucións mediante sinónimos e hiperónimos).

- Uso eficaz do dicionario para ampliación de vocabulario e como consulta ortográfica e gramatical.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e explicación reflexiva do seu uso en situacións concretas de comunicación (nome, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, conxunción, pronomes, artigos, interxeccións).
- Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía. Regras de acentuación.
- Clases de nomes: comúns, propios, individuais, colectivos, concretos e abstractos.
- Utilización adecuada dos signos de puntuación.
- As relacións gramaticais. Recoñecemento e explicación reflexiva das relacións que se establecen entre o substantivo e o resto dos compoñentes do grupo nominal.
- Coñecemento xeral de realidade plurilingüe de España e a súa valoración como fonte de enriquecemento persoal e como unha mostra da riqueza do noso patrimonio histórico e cultural.
- Lectura guiada de textos narrativos de tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual.
- Lectura comentada de poemas, relatos e obras teatrais.
- Identificación de recursos literarios.

- Creación de textos literarios en prosa ou en verso, valorando o sentido estético e a creatividade: contos, poemas, adiviñas, cancións e teatro.
- Valoración da literatura en calquera lingua (maioritaria, minoritaria ou minorizada) como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.

### **Lingua castelá e literatura (1º ESO)**

- Escoita activa e observación das normas básicas que favorecen a comunicación.
- Participación en debates, coloquios e conversas espontáneas respectando as normas básicas de interacción, intervención e cortesía que regulan estas prácticas orais.
- Coñecemento e uso progresivamente autónomo das estratexias necesarias para a produción e a avaliación de textos orais. Aspectos verbais e non verbais.
- Utilización progresivamente autónoma da biblioteca escolar e das tecnoloxías da información e da comunicación como fonte de obtención de información. Educación para o uso, o tratamento e a produción de información.
- Narración oral, a partir dun guión preparado previamente, de feitos relacionados coa experiencia, presentada de forma secuenciada e con claridade, insertando descrições sinxelas e incluíndo ideas e valoracións

en relación co exposto, con axuda de medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e a comunicación.

- Comprensión de textos orais utilizados no ámbito académico, atendendo especialmente á presentación de tarefas e instrucións para a súa realización e a breves exposicións orais.
- Actitude de cooperación e de respecto en situacións de aprendizaxe compartida.
- Utilización da lingua para tomar conciencia dos coñecementos, as ideas e os sentimentos propios e para regular a propia conducta.

### **Lingua castelá e literatura (2º ESO)**

- Lectura, comprensión e interpretación de textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos.
- Recoñecemento, uso e explicación das categorías gramaticais: substantivo, adxectivo, determinante, pronome, verbo, adverbio, preposición, conxunción e interxección.
- Coñecemento, uso e valoración das normas ortográficas e gramaticais, recoñecendo o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas para conseguir unha comunicación eficaz.
- Coñecemento reflexivo das relacións semánticas que se establecen entre as palabras.
- Recoñecemento, uso e explicación dos recursos de modalización en función da persoa que fala ou escribe.



- Recoñecemento da diversidade lingüística propia do ámbito persoal, social e mediático.
- Lectura libre de obras da literatura española e universal, e da literatura xuvenil, como fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo, para lograr o desenvolvemento dos seus propios gustos e intereses literarios, e a súa autonomía de lectura.
- Redacción de textos de intención literaria a partir da lectura de textos, utilizando as convencións formais do xénero e con intención lúdica e creativa.
- Comprensión, interpretación e valoración de textos orais en relación co ámbito de uso: persoal, educativo ou escolar, e social.

### **Lingua castelá e literatura (3º ESO)**

- Comprensión, interpretación e valoración de textos orais en relación co ámbito de uso: persoal, educativo ou escolar, e social.
- Comprensión, interpretación e valoración de textos orais en relación coa súa finalidade: textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos.
- Observación, reflexión, comprensión e valoración do sentido global dos debates, os coloquios e as conversas espontáneas, da intención comunicativa de cada interlocutor/a, e aplicación das normas básicas que os regulan.

- Coñecemento e uso progresivamente autónomo das estratexias necesarias para a produción e a avaliación de textos orais. Aspectos verbais e non verbais.
- Coñecemento, uso e aplicación das estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso, prácticas orais formais e informais, e avaliación progresiva.
- Participación en debates, coloquios e conversas espontáneas respectando as normas básicas de interacción, intervención e cortesía que regulan estas prácticas orais.
- Coñecemento e uso das técnicas e as estratexias necesarias para a comprensión de textos escritos.
- Lectura, comprensión e interpretación de textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos.
- Interese crecente pola composición escrita como fonte de información e aprendizaxe e como xeito de comunicar sentimentos, experiencias, coñecementos e emocións.
- Recoñecemento, uso e explicación das categorías gramaticais: substantivo, adxectivo, determinante, pronome, verbo, adverbio, preposición, conxunción e interxección.
- Coñecemento, uso e valoración das normas ortográficas e gramaticais, recoñecendo o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas para conseguir unha comunicación eficaz.

- Recoñecemento, identificación e explicación do uso dos grupos de palabras (nominal, adxectivo, preposicional, verbal e adverbial) e das relacións que se establecen entre os elementos que os conforman no marco da oración simple.
- Recoñecemento, uso e explicación dos elementos constitutivos da oración simple: suxeito e predicado. Oracións impersoais, activas e pasivas.
- Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.
- Lectura libre de obras da literatura española e universal, e da literatura xuvenil, como fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo para lograr o desenvolvemento dos seus propios gustos e intereses literarios, e a súa autonomía de lectura.
- Redacción de textos de intención literaria a partir da lectura de textos, utilizando as convencións formais do xénero e con intención lúdica e creativa.

### **Primeira lingua estranxeira –inglés- (6ª Primaria)**

- Interese pola pronuncia coidada, polo ritmo, pola entoación e pola acentuación adecuadas, tanto nas participacións orais como nas imitacións, recitacións e dramatizacións.

- Concibir a mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica.
- Lectura, comprensión e interpretación de textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos.
- ante a lectura organizando razoadamente as ideas e expóndoas, respectando as ideas das demais persoas.
- Interese crecente pola composición escrita como fonte de información e aprendizaxe e como xeito de comunicar sentimentos, experiencias, coñecementos e emocións.

- Recoñecemento, uso e explicación das categorías gramaticais: substantivo, adxectivo, determinante, pronome, verbo, adverbio, preposición, conxunción e interxección.
- Coñecemento, uso e valoración das normas ortográficas e gramaticais, recoñecendo o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas para conseguir unha comunicación eficaz.
- Recoñecemento, identificación e explicación do uso dos grupos de palabras (nominal, adxectivo, preposicional, verbal e adverbial) e das relacións que se establecen entre os elementos que os conforman no marco da oración simple.
- Recoñecemento, uso e explicación dos elementos constitutivos da oración simple: suxeito e predicado. Oracións impersoais, activas e pasivas.
- Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.

### **3ª avaliación:**

- Lectura libre de obras da literatura española e universal, e da literatura xuvenil, como fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo para lograr o desenvolvemento dos seus propios gustos e intereses literarios, e a súa autonomía de lectura.

- Aproximación aos xéneros literarios e ás obras máis representativas da literatura española da Idade Media ao Século de Ouro a través da lectura e explicación de fragmentos significativos e, de ser o caso, textos completos. Reflexión e superación de estereotipos de xénero, clase, crenzas, etc.
- Redacción de textos de intención literaria a partir da lectura de textos, utilizando as convencións formais do xénero e con intención lúdica e creativa.

### **Primeira lingua estranxeira –inglés- (6ª Primaria)**

#### **1ª avaliación:**

- Interese pola pronuncia coidada, polo ritmo, pola entoación e pola acentuación adecuadas, tanto nas participacións orais como nas imitacións, recitacións e dramatizacións.
- Concibir a mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica.
- Adecuar o texto á persoa destinataria, contexto e canle, aplicando o rexistro e a estrutura de discurso adecuados a cada caso.
- Expresar a mensaxe con claridade, coherencia, estruturándoa adecuadamente e axustándose, se é o caso, aos modelos e fórmulas de cada tipo de texto.

- Convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; costumes, valores, crenzas e actitudes; linguaxe non verbal.
- Saúdos e presentacións, desculpas, agradecementos, invitacións.
- Expresión da capacidade, o gusto, a preferencia, a opinión, o acordo ou desacordo, o sentimento, a intención.

**2ª avaliación:**

- Descrición de persoas, actividades, lugares, obxectos, hábitos, plans. Narración de feitos pasados remotos e recentes.
- Petición e ofrecemento de axuda, información, instrucións, obxectos, opinión, permiso.
- Interese polo lectura dos textos escritos propios e alleos valorando o seu sentido estético, correcta grafía e ortografía.
- Localizar e usar adecuadamente recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou gramática, obtención de axuda etc.).
- Expresión de relacións lóxicas: conxunción, disxunción, oposición, causa, finalidade, comparación.
- Relacións temporais. Afirmación. Exclamación. Negación. Interrogación.

**3ª avaliación:**

- Expresión do tempo: pasado (simple past; present perfect); presente (simple present); futuro (going to; will).

- Expresión do aspecto: puntual (simple tenses); durativo (present and past continuous); habitual (simple tenses (+ Adv., e. g. always, every - day)); incoativo (start –ing); terminativo (finish –ing).
- Expresión da modalidade: factualidade (declarative sentences); capacidade (can); posibilidade (may); necesidade (must; need); obriga (have (got) to; imperative); permiso (can; may); intención (going to; will).
- Expresión da existencia (there is/ are); a entidade (nouns and pro - nouns, articles, demonstratives); a calidade ((very +) Adj.).
- Expresión da cantidade (singular/ plural; cardinal numerals up to four digits; ordinal numerals up to two digits. Quantity: all, many, a lot, some, (a) few, (a) little, more, much, half, a bottle/cup/glass/piece of. Degree: very, too, enough).
- Expresión do espazo (prepositions and adverbs of location, position, distance, motion, direction, origin).

### **Primeira lingua estranxeira (Inglés) (1º de ESO)**

#### **1ª avaliación:**

- Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa.
- Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito.

- Identificación do contexto, do destinatario e da finalidade da produción ou da interacción.
- Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa.
- Percepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica.
- Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas, para comprender e facerse comprender.
- Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas co fin de realizar eficazmente a tarefa (reparar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.).

**2ª avaliación:**

- Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.).
- Uso de elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos.
- Elaboración dun borrador seguindo textos modelo.
- Estruturación do contido do texto.
- Organización do texto en parágrafos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global.
- Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.



- Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta desta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos dispoñibles.
- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación: Sons e fonemas vocálicos e sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións.
- Procesos fonolóxicos básicos.

### **3ª avaliación:**

- Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade.
- Descrición de calidades físicas e abstractas básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades.
- Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes, e expresión básica de sucesos futuros.
- Petición e ofrecemento de información, indicacións, expresión sinxela de opinións e advertencias.
- Expresión do coñecemento, a certeza e a dúbida.
- Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición.
- Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a simpatía, a satisfacción, a esperanza, a confianza e a sorpresa, e os seus contrarios.
- Formulación de suxestións e desexos, e expresión básica de condicións e hipóteses.

- Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso.

### **Primeira lingua estranxeira –inglés- (2º de ESO)**

#### **1ª avaliación:**

- Comprensión de textos orais.
  - Rutinas ou modelos de interacción básicos segundo o tipo de situación de comunicación propia da súa idade e do seu nivel escolar.
  - Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación.
  - Patróns gráficos e convencións ortográficas.
  - Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas, de normas de cortesía e de rexistros informais e estándar, así como da linguaxe non verbal máis habitual.
  - Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas básicas nos costumes cotiáns e no uso das formas básicas de relación social entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.
- 
- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.

#### **2ª avaliación:**

- Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas. –  
Descrición de calidades físicas e abstractas básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades.
- Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes, e expresión básica de sucesos futuros.
- Petición e ofrecemento de información, indicacións, expresión sinxela de opinións e consellos, advertencias e avisos.
- Expresión do coñecemento, a certeza e a dúbida.
- Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición.
- Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a simpatía, a satisfacción, a esperanza, a confianza e a sorpresa, así como os seus contrarios.

### **3ª avaliación:**

- Formulación de suxestións e desexos, e expresión básica de condicións e hipóteses.
- Establecemento e mantemento básicos da comunicación.
- Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a identificación persoal elemental; vivenda, fogar e contexto; actividades da vida diaria; familia e amizades; tempo libre, lecer e deporte; vacacións; saúde e coidados físicos; educación e estudo; compras, alimentación e restauración;

transporte; lingua e comunicación; ambiente, clima e ámbito natural; e tecnoloxías da información e da comunicación.

- Estruturas sintáctico discursivas propias de cada idioma.

### **Primeira lingua estranxeira –inglés- (3º de ESO)**

#### **1ª avaliación**

- Estratexias de comprensión de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema.
- Formulación de hipóteses sobre contido e contexto.
- Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito.
- Inferencia do significado probable das palabras ou frases que descoñece.
- Identificación do contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da interacción.
- Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, aplicando o rexistro e a estrutura de discurso adecuados a cada caso, e escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa.

#### **2ª avaliación:**

- Concepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais, e a súa estrutura básica.

- Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados.
- Expresión da mensaxe con claridade e coherencia, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.
- Apoio e aproveitamento máximo dos coñecementos previos.
- Sinalación de obxectos, uso de deícticos ou realización de accións que aclaran o significado.
- Usar elementos cuasiléxicos (hum, puah, etc.) de valor comunicativo.
- Rutinas ou modelos de interacción básicos segundo o tipo de situación de comunicación propia da súa idade e do seu nivel escolar.
- Uso da quenda de palabra con indicadores básicos e máis habituais de que se quere falar, e de recoñecemento do desexo de falar das demais persoas.
- Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender.
- Características textuais. Uso de recursos básicos para elaborar textos con coherencia, cohesión e adecuación, propios do seu nivel escolar.
- Sons e fonemas vocálicos.

### **3ª avaliación:**

- Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións.

- Procesos fonolóxicos básicos.
- Recoñecemento e uso de convencións sociais e normas de cortesía dos rexistros máis habituais, e da linguaxe non verbal habitual propia da cultura estranxeira.
- Achegamento a aspectos culturais visibles próximos ao seus intereses.
- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, aos países e ás comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.
- Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais.
- Descrición de calidades físicas e abstractas de persoas, obxectos, lugares e actividades.
- Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes, e expresión de sucesos futuros.
- Petición e ofrecemento de información, indicacións, opinións e puntos de vista, consellos, advertencias e avisos.
- Léxico oral e escrito de uso común.
- Rutinas ou modelos de interacción básicos e habituais segundo o tipo de situación de comunicación, propia da súa idade e do seu nivel, ou modelos de interacción básicos e habituais segundo o tipo de situación de comunicación, propia da súa idade e nivel.
- Estructuras sintáctico-discursivas propias de cada idioma.

### **Matemáticas (6º Primaria)**

**1ª avaliación:**

- Números enteiros, decimais e fraccións.
- A numeración romana.
- Orde numérica. Utilización dos números ordinais. Comparación de números.
- Nome e grafía dos números de máis de seis cifras.
- Equivalencias entre os elementos do sistema de numeración decimal: unidades, decenas, centenas etc.
- O sistema de numeración decimal: valor de posición das cifras.
- O número decimal: décimas, centésimas e milésimas.
- Os números decimais: valor de posición.
- Números positivos e negativos.
- Concepto de fracción como relación entre as partes o todo.
- Redondeo de números decimais á décima, centésima ou milésima máis próxima.
- Números positivos e negativos.
- Redondeo de números naturais ás decenas, centenas e millares.
- Fraccións equivalentes, redución de dúas ou máis fraccións a común denominador.
- Relación entre fracción e número decimal, aplicación á ordenación de fraccións.
- Divisibilidade: múltiplos, divisores, números primos e números compostos. Criterios de divisibilidade.

**2ª avaliación:**

- Operacións con números naturais: suma, resta, multiplicación e división.
- Potencia como produto de factores iguais. Cadrados e cubos. Potencias de base 10.
- Identificación e uso dos termos propios da división.
- Operacións con números decimais.
- Porcentaxes e proporcionalidade.
- A regra de tres en situacións de proporcionalidade directa: lei do dobre, triplo, metade.
- Divisibilidade: múltiplos, divisores, números primos e números compostos. Criterios de divisibilidade.
- Obtención dos primeiros múltiplos dun número dado.
- Obtención de todos os divisores de calquera número menor de 100.
- Cálculo de tantos por cen en situacións reais.
- Elaboración e uso de estratexias de cálculo mental.
- Utilización da calculadora.
- Realización de medicións.
- Estimación de lonxitudes, capacidades, masas, superficies e volumes de obxectos e espazos coñecidos; elección da unidade e dos instrumentos máis axeitados para medir e expresar unha medida.

**3ª avaliación:**



- Comparación e ordenación de medidas dunha mesma magnitude.
- Sumar e restar medidas de lonxitude, capacidade, masa, superficie e volume.
- O sistema sesaxesimal.
- O ángulo como unidade de medida dun ángulo. Medida de ángulos.
- Resolución de problemas de medida.
- Posicións relativas de rectas e circunferencias.
- A representación elemental do espazo, escalas e gráficas sinxelas.
- Formas planas e espaciais: figuras planas: elementos, relación e clasificación.
- Clasificación de triángulos atendendo aos seus lados e aos seus ángulos.
- Formas planas e espaciais: figuras planas: elementos, relación e clasificación.
- Clasificación de cuadriláteros atendendo o paralelismo dos seus lados.  
Clasificación dos paralelepípedos.
- A circunferencia e o círculo. Elementos básicos: centro, raio, diámetro, corda, arco, tanxente e sector circular.
- Realización e interpretación de gráficas sinxelas: diagramas de barras, poligonais e sectoriais.
- Iniciación intuitiva ao cálculo da probabilidade dun suceso.

### **Matemáticas (1º de ESO)**

**1ª avaliación:**

- Planificación e expresión verbal do proceso de resolución de problemas.
- Reflexión sobre os resultados: revisión das operacións utilizadas, asignación de unidades aos resultados, comprobación e interpretación das solucións no contexto da situación, procura doutras formas de resolución, etc.
- Recollida ordenada e organización de datos.
- Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos.
- Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo e os resultados e as conclusións obtidos.
- Números negativos: significado e utilización en contextos reais.
- Números enteiros: representación, ordenación na recta numérica e operacións. Operacións con calculadora.
- Fraccións en ámbitos cotiáns. Fraccións equivalentes. Comparación de fraccións. Representación, ordenación e operacións.
- Números decimais: representación, ordenación e operacións.
- Potencias de números enteiros e fraccionarios con expoñente natural: operacións.
- Xerarquía das operacións.
- Elaboración e utilización de estratexias para o cálculo mental.

**2ª avaliación:**

- Divisibilidade dos números naturais: criterios de divisibilidade.
- Números primos e compostos. Descomposición dun número en factores. Descomposición en factores primos.
- Múltiplos e divisores comúns a varios números. Máximo común divisor e mínimo común múltiplo de dous ou máis números naturais.
- Cálculos con porcentaxes (mental, manual e con calculadora). Aumentos e diminucións porcentuais.
- Resolución de problemas nos que interveña a proporcionalidade directa ou variacións porcentuais. Repartición directamente proporcional.
- Iniciación á linguaxe alxébrica.
- Ecuacións de primeiro grao cunha incógnita (métodos alxébrico e gráfico). Resolución. Interpretación das solucións. Ecuacións sen solución. Resolución de problemas.

**3ª avaliación:**

- Elementos básicos da xeometría do plano. Relacións e propiedades de figuras no plano: paralelismo e perpendicularidade.
- Ángulos e as súas relacións.
- Figuras planas elementais: triángulo, cadrado e figuras poligonais.
- Clasificación de triángulos e cuadriláteros. Propiedades e relacións.
- Medida e cálculo de ángulos de figuras planas.

- Cálculo de áreas e perímetros de figuras planas. Cálculo de áreas por descomposición en figuras simples.
- Circunferencia, círculo, arcos e sectores circulares.
- Coordenadas cartesianas: representación e identificación de puntos nun sistema de eixes coordenados.
- Poboación e individuo. Mostra. Variables estatísticas.
- Organización en táboas de datos recollidos nunha experiencia.
- Utilización de calculadoras e ferramentas tecnolóxicas para o tratamento de datos, creación e interpretación de gráficos e elaboración de informes.

### **Matemáticas (2º de ESO)**

#### **1ª avaliación:**

- Números enteros: representación, ordenación en la recta numérica y operaciones.
- Fracciones en ámbitos cotidianos.
- Números decimales: representación, ordenación y operaciones.
- Potencias de números enteros y fraccionarios con exponente natural: operaciones.
- Jerarquía de las operaciones.

#### **2ª avaliación:**

- Cálculos con porcentajes (mental, manual y con calculadora).

- Resolución de problemas en los que intervenga la proporcionalidad directa o inversa, o variaciones porcentuales.
- Lenguaje algebraico para generalizar propiedades y simbolizar relaciones.
- Operaciones con expresiones algebraicas sencillas.
- Ecuaciones de primer grado. Sistemas de dos ecuaciones lineales con dos incógnitas.

**3ª avaliación:**

- Semejanza: figuras semejantes. Criterios de semejanza.
- Frecuencias absolutas, relativas y acumuladas.
- Organización en tablas de datos recogidos en una experiencia.
- Diagramas de barras y de sectores. Polígonos de frecuencias; diagramas de caja y bigotes.

**Matemáticas (3º de ESO)**

**1ª avaliación:**

- Planificación e expresión verbal do proceso de resolución de problemas.
- Estratexias e procedementos postos en práctica: uso da linguaxe apropiada (gráfica, numérica, alxébrica, etc.), reformulación do problema, resolución de subproblemas, reconto exhaustivo, comezo por casos particulares sinxelos, procura de regularidades e leis, etc.

- Reflexión sobre os resultados: revisión das operacións utilizadas, asignación de unidades aos resultados, comprobación e interpretación das solucións no contexto da situación, procura doutras formas de resolución, etc.
- Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e matemáticos, de xeito individual e en equipo.
- Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes axeitadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.
- Recollida ordenada e a organización de datos.
- Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos.
- Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais, e realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico

### **2ª avaliación:**

- Potencias.
- Xerarquía de operacións.
- Números decimais.
- Operacións con fraccións.
- Elaboración e utilización de estratexias para o cálculo mental, para o cálculo aproximado e para o cálculo con calculadora ou outros medios tecnolóxicos.

- Ecuacións.
- Xeometría do espazo: áreas e volumes.
- Uso de ferramentas pedagóxicas adecuadas, entre elas as tecnolóxicas, para estudar formas, configuracións e relacións xeométricas.
- Translacións, xiros e simetrías no plano.
- O globo terráqueo. Coordenadas xeográficas. Latitude e lonxitude dun punto
- Análise e descrición cualitativa de gráficas que representan fenómenos do ámbito cotián e doutras materias.

### **3ª avaliación:**

- Análise dunha situación a partir do estudo das características locais e globais da gráfica correspondente.
- Fases e tarefas dun estudo estatístico. Poboación e mostra. Variables estatísticas: cualitativas, discretas e continuas.
- Gráficas estatísticas: construción e interpretación.
- Parámetros de posición: media, moda, mediana e cuartís. Cálculo, interpretación e propiedades.
- Fases e tarefas dun estudo estatístico. Poboación e mostra. Variables estatísticas: cualitativas, discretas e continuas.

### **Ciencias sociais (6º Primaria)**

#### **1ª avaliación:**

- Iniciación ao coñecemento científico, toma de conciencia das fases do mesmo e a súa aplicación nas Ciencias sociais.
- Recollida de información do tema a tratar, utilizando diferentes fontes (directas e indirectas).
- Utilización das tecnoloxías da información e a comunicación para buscar e seleccionar información, simular procesos e presentar conclusións.
- Desenvolvemento de estratexias para organizar, assimilar e recuperar a información obtida mediante diferentes métodos e fontes.
- Cartografía. Planos, mapas e planisferios.
- Tipos de mapas: físicos, políticos e temáticos.
- Escalas e signos convencionais dun mapa.
- Técnicas de orientación no espazo. Elaboración dun itinerario de viaxe coa axuda de ferramentas dixitais.
- O clima. Elementos e factores climáticos.
- A paisaxe: elementos que o forman, tipos de paisaxes.
- Características dos principais paisaxes de España e de Europa.
- A intervención humana no medio. Consumo responsable. Os problemas da contaminación.
- O desenvolvemento sostible.

**2ª avaliación:**

- Elaboración dun plan de reciclaxe.
- O cambio climático: causas e consecuencias.



- Demografía e poboación. Variables demográficas.
- Representación gráfica de datos demográficos: as pirámides de poboación.
- Os movementos migratorios: éxodo rural, a emigración a Europa, a chegada de emigrantes ao noso país, problemas actuais da poboación. Estudo dos movementos migratorios da familia.
- As actividades económicas e os sectores produtivos de España e Europa.
- A produción de bens e servizos.
- O consumo e a publicidade. Debates sobre a influencia da publicidade nas nosas prácticas diarias.
- Educación financeira. O diñeiro. O aforro. Elaboración dun presuposto persoal.
- As idades da historia: duración e datación dos feitos históricos significativos que as acoutan.

### **3ª avaliación:**

- O tempo histórico e a súa medida.
- Técnicas para localizar no tempo e no espazo feitos do pasado: os mapas históricos e as liñas do tempo. Realización dunha liña do tempo que recolla os acontecementos históricos máis relevantes que marcan as idades da historia.
- As transformacións económicas, políticas, sociais e culturais do século XIX.
- España na Idade Contemporánea I: o século XIX.

- As transformacións económicas, políticas, sociais e culturais do século XX.
- España na Idade Contemporánea II: o século XX. Mulleres e homes relevantes na historia de España e Galicia.
- O Mundo Actual. Realización de arquivos sobre temas de actualidade.
- Noso patrimonio histórico e cultural.
- Patrimonio da Humanidade. Elaboración dunha guía sobre os sitios e lugares Patrimonio da Humanidade.
- Museos, sitios e monumentos históricos como espazos de aprendizaxe e gozo.

### **Xeografía e historia (1º de ESO)**

#### **1ª avaliación:**

- A Terra: a Terra no Sistema Solar.
- Representación da Terra. Escala e linguaxe cartográfica.
- Proxeccións e sistemas de coordenadas. Imaxes de satélite e os seus principais usos.
- Localización. Latitude e lonxitude.
- Trazos principais do relevo do mundo. Clima: elementos e factores. Diversidade climática no planeta.
- Medio físico do mundo e de Europa: relevo e hidrografía.

- Medio natural europeo: principais trazos.
- Unidades do relevo do espazo xeográfico europeo.
- Conxuntos bioclimáticos do espazo xeográfico europeo.
- Diversidade de espazos naturais europeos.
- Medio natural: áreas e problemas ambientais.

**2ª avaliación:**

- Evolución das especies e a hominización.
- Periodización da Prehistoria e a Idade Antiga.
- Prehistoria e Idade Antiga: visión global.
- Paleolítico: etapas; características das formas de vida; cazadores colectores.
- Neolítico: revolución agraria e expansión das sociedades humanas; sedentarismo; artesanía e comercio; organización social.
- Prehistoria galega: megalitos e petróglifos.
- Aparición dos ritos: restos materiais e artísticos; pintura e escultura.
- Idade Antiga: primeiras civilizacións urbanas. Mesopotamia e Exipto. Sociedade, economía e política.
- Idade Antiga: invención da escritura.
- Idade Antiga: historia de Exipto.
- Idade Antiga: relixión exipcia.
- Idade Antiga: arte en Mesopotamia e Exipto.

**3ª avaliación:**

- Mundo clásico. Grecia: as "polis" gregas e a súa expansión.
- Mundo clásico. Grecia: expansión comercial e política das polis gregas.
- Mundo clásico. Imperio de Alexandre Magno e os seus sucesores: helenismo.
- Mundo clásico. Grecia e o helenismo: arte, ciencia, teatro e filosofía.
- Mundo clásico: orixe e etapas da historia de Roma. República e imperio: organización política e expansión colonial polo Mediterráneo. Cristianismo.
- Mundo clásico. Arte romana: arquitectura, escultura e pintura.
- Península Ibérica: pobos prerromanos; Hispania romana; Gallaecia. Proceso de romanización. A cidade e o campo.

## **Xeografía e historia (2º de ESO)**

### **1ª avaliación:**

- Localización. Latitude e lonxitude.
- Características xerais do medio físico de España e de Galicia.
- Medio físico de España: relevo e hidrografía.
- Medio físico de Galicia: relevo e hidrografía.
- Clima: elementos e factores. Diversidade climática da Península Ibérica e de Galicia.
- Diversidade de paisaxes. Zonas bioclimáticas da Península Ibérica e de Galicia.

**2ª avaliación:**

- Medio natural e problemas ambientais en España.
- Poboación mundial: evolución, distribución e dinámica.
- Poboación española: evolución, distribución e dinámica. Movements migratorios.
- Poboación de Galicia: evolución, distribución e dinámica. Movements migratorios.
- A cidade e o proceso de urbanización en España e en Galicia.
- Paisaxes no territorio español e galego.
- Relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia.
- Idade Media: concepto e as subetapas (alta, plena e baixa Idade Media).
- Caída do Imperio Romano en Occidente: división política e invasións xermánicas. Imperio Bizantino e reinos xermánicos.

**3ª avaliación:**

- Feudalismo.
- Islam. Península Ibérica: invasión musulmá.
- Reconquista e repoboación.
- Expansión comercial europea e recuperación das cidades. Crise da baixa Idade Media: a 'Peste Negra' e as súas consecuencia.
- Arte románica, gótica e islámica.

**Xeografía e historia (3º de ESO)**

**1ª avaliación:**

- Localización. Latitude e lonxitude
- Organización política e territorial de España
- Sectores económicos en Europa, en España e en Galicia.
- Aproveitamento e futuro dos recursos naturais. Desenvolvemento sustentable.

**2ª avaliación:**

- Pesca: tipos e problemática.
- Sector industrial. Rexións industrializadas do mundo.
- Actividades terciarias: transporte, comercio
- Turismo

**3ª avaliación:**

- Causas do desenvolvemento desigual no mundo.
- Tensións mundiais e subdesenvolvemento. Solucións ao problema.
- Relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia
- Tempo histórico.

**Ciencias da natureza (6º Primaria)**

**1ª avaliación:**

- Utilización das tecnoloxías da información e comunicación para buscar e seleccionar información, simular procesos e comunicar conclusións sobre os traballos realizados.
- Hábitos de prevención de enfermidades e accidentes, na aula e no centro.
- Planificación e realización de proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións, formulando problemas, enunciando hipóteses, seleccionando o material necesario, montando, realizando e extraendo conclusións e presentando informes en diferentes soportes.
- O corpo humano e o seu funcionamento.
- Anatomía e fisioloxía.
- Células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas.
- Diferentes tipos de células. Os virus e as bacterias.
- As funcións vitais no ser humano.
- Función de relación (órganos dos sentidos, sistema nervioso e aparello locomotor).
- Función de nutrición (aparellos respiratorio, dixestivo, circulatorio e excretor).
- Función de reprodución (aparello reprodutor).
- Saúde e enfermidade.
- Principais enfermidades que afectan aos aparellos e sistemas do organismo humano.

**2ª avaliación:**

- Hábitos saudables para previr enfermidades.
- Trastornos alimenticios.
- Efectos nocivos do consumo de alcohol e drogas.
- Tipos de dietas.
- Coñecemento de actuacións básicas de primeiros auxilios.
- Seres vivos, seres inertes. Diferenciación.
- Organización e estrutura dos seres vivos: células, tecidos: tipos; órganos; aparellos e sistemas: principais características e funcións.
- Os seres vivos: características, clasificación e tipos.
- Os animais vertebrados e invertebrados, características e clasificación.
- As plantas: estrutura e fisioloxía. A fotosíntese e a súa importancia para a vida na Terra.
- As relacións entre os seres vivos. Cadeas alimentarias. Poboacións, comunidades e ecosistemas. Características e compoñentes dun ecosistema.
- Ecosistemas: pradería, poza, lagoa, bosque, litoral e cidade e os seres vivos. A biosfera, diferentes hábitats dos seres vivos.
- Concepto de enerxía. Diferentes formas de enerxía. A luz como fonte de enerxía.

### **3ª avaliación:**

- Electricidade: a corrente eléctrica. Circuitos eléctricos. Magnetismo: o magnetismo terrestre. O imán: o compás.



- Os cambios de estado. As reaccións químicas: a combustión, a oxidación e a fermentación.
- Concepto de enerxía. Diferentes formas de enerxía. A luz como fonte de enerxía.
- Predición de cambios no movemento ou na forma dos corpos por efecto das forzas.
- Separación de compoñentes dunha mestura mediante destilación, filtración, evaporación ou disolución.
- Reaccións químicas: a combustión, a oxidación e a fermentación.
- Normas de prevención de riscos.
- Máquinas e aparellos. Tipos de máquinas na vida cotiá e a súa utilidade.
- Elementos dos circuitos eléctricos.
- Condutores e illantes.
- A ciencia: presente e futuro da sociedade.
- Beneficios e riscos das tecnoloxías e produtos.
- Importantes descubrimentos e inventos.

### **Bioloxía e xeoloxía (1º ESO)**

#### **1ª avaliación:**

- Compoñentes do Universo.
- Características do Sistema Solar e dos seus compoñentes.
- Os planetas no Sistema Solar.
- O planeta Terra: características.

- Os movementos da Terra, da Lúa e do Sol, e as súas consecuencias.

**2ª avaliación:**

- A xeosfera: estrutura e composición da codia, o manto e o núcleo.
- Minerais e rochas: propiedades, características e utilidades.
- A atmosfera: composición e estrutura. O aire e os seus compoñentes.  
Efecto invernadoiro. Importancia da atmosfera para os seres vivos.
- A hidrosfera. Propiedades da auga. Importancia da auga para os seres vivos.
- A auga na Terra. Auga doce e salgada.
- Ciclo da auga.
- A biosfera. Características que fixeron da Terra un planeta habitable.

**3ª avaliación:**

- Concepto de biodiversidade.
- Sistemas de clasificación dos seres vivos. Concepto de especie.
- Reinos dos seres vivos: Moneras, Protoctistas, Fungi, Metafitas e Metazoos.
- Invertebrados: poríferos, celentéreos, anélidos, moluscos, equinodermos e artrópodos. Características anatómicas e fisiolóxicas.
- Vertebrados: peixes, anfibios, réptiles, aves e mamíferos. Características anatómicas e fisiolóxicas

- Plantas: brións, feitos, ximnospermas e anxiospermas. Características principais, nutrición, relación e reprodución.
- Ecosistema: identificación dos seus compoñentes.
- Ecosistemas acuáticos.
- Ecosistemas terrestres.
- Factores desencadeantes de desequilibrios nos ecosistemas.
- Estratexias para restablecer o equilibrio nos ecosistemas.

### **Bioloxía e xeoloxía (3º de ESO)**

#### **1ª avaliación:**

- O vocabulario científico na expresión oral e escrita.
- Planificación e realización do traballo experimental, e interpretación dos seus resultados.
- Normas de seguridade no laboratorio, e coidado dos instrumentos e do material.
- Características da materia viva e diferenzas coa materia inerte.
- A célula. Características básicas da célula procariota e eucariota, animal e vexetal.
- Funcións vitais: nutrición, relación e reprodución.

#### **2ª avaliación:**

- Organización xeral do corpo humano: células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas

- Os tecidos do corpo humano: estrutura e funcións.
- Saúde e doenza, e factores que as determinan.
- Descubrir, a partir do coñecemento do concepto de saúde e doenza, os factores que os determinan.
- Substancias aditivas: tabaco, alcohol e outras drogas. Problemas asociados.
- Alimentación e nutrición. Alimentos e nutrientes: tipos e funcións básicas.
- Función de nutrición. Visión global e integradora de aparellos e procesos que interveñen na nutrición.
- Anatomía e fisioloxía dos aparellos dixestivo, respiratorio, circulatorio e excretor.
- Función de relación. Sistema nervioso e sistema endócrino.
- Órganos dos sentidos: estrutura e función; coidado e hixiene
- Aparello locomotor. Organización e relacións funcionais entre ósos, músculos e sistema nervioso.
- Reprodución humana. Anatomía e fisioloxía do aparello reprodutor. Cambios físicos e psíquicos na adolescencia.
- Reposta sexual humana. Sexo e sexualidade. Saúde e hixiene sexual.

**3ª avaliación:**

- Modelaxe do relevo. Factores que condicionan o relevo terrestre.
- Procesos xeolóxicos externos e diferenzas cos internos. Meteorización, erosión, transporte e sedimentación.

- Augas superficiais e Augas subterráneas.
- Acción xeolóxica do mar, do vento, dos glaciares.
- Factores que condicionan a modelaxe da paisaxe galega.
- Acción xeolóxica dos seres vivos. A especie humana como axente xeolóxico.
- Manifestacións da enerxía interna da Terra.
- O solo como ecosistema.

### **Física e química (2º de ESO)**

#### **1ª avaliación:**

- Aplicacións da ciencia á vida cotiá e á sociedade.
- Medida de magnitudes. Sistema Internacional de Unidades.
- Método científico: etapas.
- Propiedades da materia.
- Estados de agregación. Cambios de estado. Modelo cinético-molecular.
- Leis dos gases.

#### **2ª avaliación:**

- Substancias puras e mesturas.
- Métodos de separación de mesturas.
- Cambios físicos e cambios químicos.
- Reacción química.
- A química na sociedade e o ambiente.

**3ª avaliación:**

- Forzas: efectos. Medida das forzas.
- Velocidade media. Velocidade instantánea e aceleración.
- Máquinas simples.
- Estrutura do Universo.
- Enerxía. Tipos de enerxía. Transformacións da enerxía. Conservación da enerxía. Fontes de enerxía.

**Física e química (3º de ESO)**

**1ª avaliación:**

- Aplicacións da ciencia á vida cotiá e á sociedade.
- Medida de magnitudes. Sistema Internacional de Unidades. Notación científica.
- Método científico: etapas
- Estrutura atómica. Modelos atómicos.
- Sistema periódico dos elementos.
- Unións entre átomos: moléculas e cristais.
- Elementos e compostos de especial interese con aplicacións industriais, tecnolóxicas e biomédicas.

**2ª avaliación:**

- Reacción química.

- A química na sociedade e o ambiente.
- Carga eléctrica.
- Forzas da natureza.

**3ª avaliación:**

- Fontes de enerxía.
- Uso racional da enerxía.
- Electricidade e circuitos eléctricos.
- Tipos de enerxía.
- Transformacións da enerxía.
- Aspectos industriais da enerxía.

**Educación física (6º Primaria)**

**1ª avaliación:**

- Valoración e aceptación da propia realidade corporal e a das demais persoas.
- Adopción de actitudes de colaboración, tolerancia, respecto e resolución pacífica dos conflitos na práctica de xogos e outras actividades físicas.
- Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias da práctica da actividade física.

- Actitudes de aceptación, respecto e valoración cara a un mesmo, aos compañeiros e compañeiras e ao medio.
- Implicación activa en actividades motrices diversas, recoñecendo e aceptando as diferenzas individuais no nivel de habilidade.
- Uso correcto de materiais e espazos na práctica da Educación física.
- O coidado do corpo e a consolidación de hábitos de hixiene corporal.
- Coñecemento da normativa básica de circulación en rúas e estradas.
- Identificación e respecto, ao realizar saídas fóra do colexio, dos sinais básicos de tráfico que afectan aos peóns e peoas e ás persoas ciclistas.
- Seguridade, confianza nun mesmo e nas demais persoas.
- Autonomía persoal: autoestima, expectativas realistas de éxito.
- Realización combinada de desprazamentos, saltos, xiros, lanzamentos e recepcións.
- Control e dominio motor e corporal desde unha formulación previa á acción.
- Mellora das capacidades físicas básicas de forma xenérica e orientada á execución das habilidades motrices, recoñecendo a influencia da condición física na mellora destas.
- Autonomía e confianza nas propias habilidades motrices en situacións e contornos non habituais.

**2ª avaliación:**



- Valoración do esforzo e o traballo ben executado desde o punto de vista motor como base para a propia superación.
- Disposición favorable a participar en actividades físicas diversas aceptando as propias posibilidades e limitacións, así como a existencia de diferenzas no nivel de habilidade.
- O corpo e o movemento. Exploración, conciencia e gozo das posibilidades e recursos da linguaxe corporal.
- Recoñecemento e utilización creativa das zonas corporais e compoñentes do movemento expresivo: espazo, tempo e a intensidade. Zonas corporais: de equilibrio (pernas e pés), de forza (centro de gravidade corporal), de autoridade (peito, ombreiros, brazos) e expresiva (rostro, mirada e pescozo).
- Expresión e comunicación de sentimentos e emocións individuais e compartidas a través do corpo, o xesto e o movemento.
- Participación na composición e execución de producións grupais a partir de estímulos rítmicos, musicais, poéticos... Elaboración de bailes, coreografías simples ou montaxes expresivas.
- Desenvolvemento das habilidades motrices básicas, xenéricas e específicas e da condición física, participando en actividades artístico expresivas.
- Autonomía na hixiene corporal (vestimenta e aseo tras o exercicio) e adquisición de hábitos posturais e alimentarios saudables (incluída a correcta hidratación durante e despois do exercicio).

- Recoñecemento dos beneficios da actividade física na saúde integral da persoa e identificación crítica das prácticas pouco saudables (sedentarismo, abuso do lecer audiovisual, adicción ás novas tecnoloxías, cons consumo de tabaco ou alcohol...). Valoración do xogo e o deporte como alternativas aos hábitos nocivos para a saúde.
- Adquisición de hábitos de quecemento (global e específico), de dosificación do esforzo e recuperación, necesarios para previr lesións.

### **3ª avaliación:**

- Mellora da condición física orientada á saúde en función do desenvolvemento psicobiolóxico.
- Recoñecemento e aplicación das medidas básicas de prevención e seguridade na práctica de actividade física en relación coa execución motriz, ao uso de materiais e espazos.
- Valoración da actividade física como factor esencial no mantemento e mellora da saúde. Aprecio, gusto e interese polo coidado do corpo.
- Uso adecuado das estratexias básicas dos xogos relacionadas coa cooperación, a oposición e a cooperación-oposición.
- Aceptación e respecto cara ás normas, regras e persoas que participan no xogo. Elaboración e cumprimento dun código de xogo limpo.
- O xogo e o deporte como fenómenos sociais e culturais. Práctica de xogos e actividades deportivas de diferentes modalidades con dificultade crecente.

- Coñecemento, práctica e valoración dos xogos e deportes tradicionais de Galicia. Coñecemento e práctica de xogos doutras culturas.
- Desenvolvemento das habilidades motrices básicas, xenéricas e específicas e da condición física, participando en xogos predeportivos e en predeportes. Recoñecer e valorar a posibilidade de cambiar as regras de xogo (espazos, materiais, tempos...) para adaptalas ás necesidades do grupo.
- Iniciación ao deporte de orientación (colexio, parque, medio natural). Toma de contacto co compás. Participación na organización e desenvolvemento de xogos de orientación.
- Coñecemento, goce, coidado e valoración da natureza.

### **Educación física (1º de ESO)**

#### **1ª avaliación:**

- Fases de activación e recuperación, e o seu significado como hábito saudable na práctica da actividade física.
- Atención ao aseo persoal e ao uso adecuado da indumentaria.
- Respecto e aceptación das regras das actividades, os xogos e os deportes practicados.
- Aceptación do propio nivel de execución e o das demais persoas, e disposición positiva cara á súa mellora.
- Actividade física como elemento base dos estilos de vida saudable.
- Emprego responsable do material e do equipamento deportivo.

- Condición física. Desenvolvemento das capacidades físicas básicas incidindo principalmente nas relacionadas coa saúde.
- Introducción aos principios sobre unha alimentación saudable.
- Práctica de actividades e xogos para a aprendizaxe dos deportes colectivos.
- Execución de habilidades motrices técnico-tácticas sinxelas vinculadas aos deportes colectivos, respectando os regulamentos específicos.

**2ª avaliación:**

- Práctica de actividades e xogos para a aprendizaxe dos deportes individuais.
- Identificación da frecuencia cardíaca de traballo.
- Realización de bailes e danzas sinxelas de carácter recreativo e popular.
- Atención ao aseo persoal e ao uso adecuado da indumentaria.
- Respecto e aceptación das regras das actividades, os xogos e os deportes practicados.
- Aceptación do propio nivel de execución e o das demais persoas, e disposición positiva cara á súa mellora.
- Prevención de riscos nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas.

**3ª avaliación:**

- Adquisición de técnicas básicas de progresión e orientación no medio natural, e a súa aplicación en diferentes ámbitos.
- Execución de habilidades motrices vinculadas ás accións deportivas, respectando os regulamentos específicos.
- Principios de ergonomía e hixiene postural e a súa aplicación na práctica de actividades físicas e na vida cotiá.
- Protocolo básico de actuación (PAS) nos primeiros auxilios.
- Atención ao aseo persoal e ao uso adecuado da indumentaria.
- Respecto e aceptación das regras das actividades, os xogos e os deportes practicados.
- Aceptación do propio nivel de execución e o das demais persoas, e disposición positiva cara á súa mellora.

### **Educación física (2º de ESO)**

#### **1ª avaliación:**

- Fases de activación y recuperación en la práctica de la actividad física de carácter general y específico, en función de la actividad que se realice realizar.
- Selección y ejecución de juegos y ejercicios apropiados para cada fase de la sesión.
- Respeto y aceptación de las reglas de las actividades, los juegos y los deportes practicados.
- Actividad física como elemento base de los estilos de vida saludable.

- Prevención de riesgos en las actividades físico-deportivas y artístico-expresivas.
- Realización de bailes y danzas sencillas de carácter recreativo y popular.
- Condición física. Capacidades físicas y coordinativas en las actividades físico-deportivas y artístico expresivas, y su vinculación con los sistemas del organismo.
- Efectos sobre la salud de la actividad física y la alimentación.

**2ª avaluación:**

- Capacidad de adaptación del organismo ante la actividad física y la práctica deportiva.
- Control de la intensidad del esfuerzo a través de la frecuencia cardíaca.
- Procedimientos para la evaluación de los factores de la condición física relacionados con la salud.
- La actividad física y su efecto sobre la salud. Criterios de selección de actividades para la realización de un plan de mejora de la salud.
- Métodos básicos de entrenamiento para la mejora de las capacidades físicas básicas relacionadas con la salud.
- Evaluación de la condición física saludable y realización de actividades para la mejora de ésta, teniendo en cuenta sus características individuales.

**3ª avaluación:**

- Ergonomía e higiene postural en la práctica de actividades físicas.
- Actividad física habitual y otros hábitos de vida saludables, y su efecto sobre la calidad de vida.
- Práctica de actividades y juegos para el aprendizaje de los deportes individuales.
- Adquisición de técnicas de progresión y orientación en medio natural, su aplicación en diferentes entornos.
- Ejecución de habilidades motrices técnico-tácticas facilitadas vinculadas a los deportes colectivos en distintas situaciones, respetando los reglamentos específicos.
- Práctica de actividades y juegos para el aprendizaje de los deportes colectivos.

### **Educación física (3º de ESO)**

#### **1ª avaliación:**

- Control da intensidade do esforzo adaptado a cada fase da sesión de actividade física.
- Deseño e execución de forma autónoma de xogos e exercicios apropiados para cada fase da sesión, tendo en conta o seu nivel de partida.
- Respecto e aceptación das regras das actividades, os xogos e os deportes practicados.
- Papeis e estereotipos nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, como fenómeno social e cultural.

- Aceptación do propio nivel de execución e o das demais persoas
- Posibilidades do contorno próximo como lugar de práctica de actividades físico deportivas e recreativas.
- Actividade física como elemento base dos estilos de vida saudable
- Prevención de riscos nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, baseada na análise previa das características destas.
- Emprego responsable do material e do equipamento deportivo.

**2ª avaliación:**

- Experimentación de actividades artístico-expresivas utilizando técnicas de expresión corporal, combinando espazo, tempo e intensidade.
- Realización de bailes e danzas de carácter recreativo e popular.
- Condición física. Capacidades físicas e coordinativas nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, e a súa vinculación cos sistemas do organismo.
- Métodos básicos de adestramento para a mellora das capacidades físicas básicas relacionadas coa saúde.
- Ergonomía e hixiene postural na práctica de actividades físicas.
- Técnicas básicas de respiración e relaxación.

**3ª avaliación:**



- Execución e avaliación de habilidades motrices de xeito combinado vinculadas ás accións deportivas, respectando os regulamentos específicos.
- Práctica de actividades e xogos para a aprendizaxe dos deportes individuais.
- Adquisición de técnicas de progresión e orientación no medio natural, a súa aplicación en diferentes ámbitos.
- Execución de habilidades motrices técnico-tácticas vinculadas aos deportes colectivos en distintas situacións, respectando os regulamentos específicos.
- Práctica de actividades e xogos para a aprendizaxe dos deportes colectivos

### **Valores cívicos e sociais (6º Primaria)**

#### **1ª avaliación:**

- O autoconcepto. A autovaloración; os trazos de personalidade. A autoconciencia emocional. A respectabilidade e a dignidade persoal. O estilo persoal positivo.
- O autocontrol. A regulación dos sentimentos. As estratexias de reestruturación cognitiva. A resiliencia.
- A responsabilidade. O sentido do compromiso respecto a un mesmo e aos demais. Valoración do erro como factor de aprendizaxe e mellora. A automotivación.

- A autonomía persoal e a autoestima. Seguridade en si mesmo e en si mesma, iniciativa, autonomía para a acción, confianza nas propias posibilidades. Tolerancia á frustración.
- A toma de decisións persoais meditadas: técnicas e recursos. Causas e consecuencias das acción propias. O sentido do compromiso respecto a un mesmo e aos demais.
- A iniciativa. O emprendemento. A autoproposta de desafíos. A importancia da iniciativa privada na vida económica e social.
- A aserción. Exposición e defensa das ideas propias con argumentos fundados e razoables empregando estratexias de comunicación construtivas.
- O diálogo. A busca do mellor argumento. A creación de pensamentos compartidos a través do diálogo. A inferencia e o sentido da expresión dos e das demais. A escoita activa e a axuda.
- A intelixencia interpersoal. A empatía: atención, escoita activa, observación e análise de comportamentos. O altruísmo.
- Os estereotipos. As consecuencias dos prexuízos. Desenvolvemento de actitudes de solidariedade ante problemas e necesidades das persoas máis desfavorecidas.

**2ª avaliación:**

- Identificación, axuizamento crítico e rexeitamento das situacións de marxinación, discriminación e inxustiza social.

- Aplicación dos valores cívicos en situacións de convivencia no contorno inmediato (familia, centro escolar, grupo, amizades, localidade). Desenvolvemento de actitudes de comprensión e solidariedade. Valoración do diálogo para solucionar os conflitos de intereses en relación coas demais persoas.
- Responsabilidade no exercicio dos dereitos e dos deberes individuais nos grupos nos que se integra e participación nas tarefas e decisión.
- A interdependencia e a cooperación. A interdependencia positiva e a participación equitativa. As condutas solidarias. A aceptación incondicional do outro. A resolución de problemas en colaboración. Compensación de carencias dos e das demais. A disposición de apertura cara ao outro, o compartir puntos de vista e sentimentos.
- A resolución de conflitos. A linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais. As fases da mediación formal. A transformación do conflito en oportunidade.
- O altruísmo. A responsabilidade social e a xustiza social. Identificación e análise crítico das causas que provocan situación de marxinación, de discriminación e de inxustiza social. Protección e amparo das persoas máis desfavorecidas.
- Os dereitos e deberes. A Declaración Universal dos Dereitos Humanos: liberdade de expresión e opinión. A liberdade de pensamento, de conciencia e de relixión. A análise de feitos discriminatorios: maltrato.

Exclusión de minorías étnicas, os campos de concentración, o holocausto.

Os dereitos e deberes do alumnado.

- Conceptualización do dilema moral. Resolución de dilemas morais.
- Convivencia pacífica en sociedade e valores nos que se apoia: respecto, tolerancia, solidariedade, xustiza, compromiso, cooperación e cultura de paz. Identificación, recoñecemento e análise de hábitos que facilitan e dificultan a convivencia e o benestar dos grupos sociais.
- Formas de discriminación: racismo, xenofobia, desigualdade de oportunidades.

### **3ª avaliación:**

- Feitos discriminatorios: maltrato, exclusión de minorías étnicas, campos de concentración, o holocausto, segregación por enfermidade. Análise destes feitos.
- Dereitos e deberes. A Declaración Universal dos Dereitos Humanos: liberdade de expresión e de opinión. A liberdade de pensamento, de conciencia e de relixión.
- As diferenzas de sexo como un elemento enriquecedor. Análise das medidas que contribúen a un equilibrio de xénero e a unha auténtica igualdade de oportunidades. Identificación e rexeitamento de desigualdades entre mulleres e homes no mundo laboral e na vida cotiá.
- Rutinas individuais para mellorar a calidade de vida. Reflexión sobre as posibilidades de cambio.

- Hábitos de prevención de enfermedades e accidentes no ámbito escolar e doméstico.
- Os primeiros auxilios.
- Condutas responsables no uso das TIC: autonomía, autocontrol, seguridade, sentido ético. Análise da realidade e dos contidos que se presentan no contorno dixital para desenvolver a capacidade crítica.
- O consumo responsable. Identificación de actitudes e estratexias persoais e colectivas de consumo responsable.
- Busca, selección, análise e elaboración de informacións en relación cos accidentes de tráfico.
- Identificación de actitudes e estratexias individuais e colectivas de prevención de riscos viarios.

### **Valores éticos (1º de ESO)**

#### **1ª avaliación:**

- O concepto problemático de persoa. Significado etimolóxico.
- Adolescencia: crise de identidade, formación de grupos e influencia do grupo no/na adolescente.
- Personalidade: factores xenéticos.
- A intelixencia emocional e o seu papel no desenvolvemento moral da persoa.
- Habilidades emocionais segundo Goleman.
- Construción da identidade propia consonte valores éticos.

**2ª avaliación:**

- A natureza social do ser humano.
- Proceso de socialización: interiorización de valores e normas morais.
- Diferenza entre a vida privada (regulada pola ética) e a vida pública (regulada polo dereito). Límites da liberdade nos dous ámbitos.
- Valores e virtudes éticas nas relación interpersoais.
- Deber moral e cívico do auxilio.

**3ª avaliación:**

- Diferenzas entre ética e moral. Importancia da reflexión ética.
- Factores biolóxicos, psicolóxicos, sociais, culturais e ambientais, que inflúen no desenvolvemento da intelixencia e a vontade, nomeadamente o papel da educación.
- Clases de valores.
- Xerarquías de valores.
- Valores e normas éticas, e os seus efectos beneficiosos para a persoa e para a comunidade.
- Preámbulo da DUDH: a dignidade das persoas como fundamento dos seus dereitos universais, inalienables e innatos.
- Dereitos da muller: patróns económicos e socioculturais que fomentaron a violencia e desigualdade de xénero.

- Dereitos da infancia.
- Institucións internacionais e ONG.

### **Valores éticos (2º de ESO)**

#### **1ª avaliación:**

- Diferenzas entre ética e dereito.
- Posibles conflitos entre os valores que regulan a vida privada e os que regulan a vida pública.
- Diferenza entre ética e moral.

#### **2ª avaliación:**

- A liberdade como raíz da estrutura moral da persoa.
- Normas. Especificidade das normas éticas.
- O utilitarismo como ética de fins: principio de utilidade; concepto de pracer; compatibilidade do egoísmo individual co altruísmo universal; localización do valor moral nas consecuencias da acción.

#### **3ª avaliación:**

- Relación entre ética, política e xustiza no pensamento aristotélico.
- Dimensión moral da ciencia e da tecnoloxía polo seu impacto en todos os ámbitos da vida humana.
- Dilemas morais que presentan os avances en medicina e biotecnoloxía.

## Valores éticos (3º de ESO)

### 1ª avaliación:

- A democracia como forma de goberno na que se plasman os principios éticos da DUDH.
- O Estado de dereito.
- Léxico da unidade: democracia, cidadán/cidadá, soberanía, autonomía persoal, igualdade, xustiza, representatividade, etc.
- División de poderes. A proposta de Montesquieu e a súa función de control do Estado por parte da cidadanía.

### 2ª avaliación:

- Deber moral da participación cidadá no exercicio da democracia.
- A Constitución española: valores éticos nos que se fundamenta e conceptos preliminares que establece.
- Deberes cidadáns na Constitución española.
- Responsabilidade fiscal e principios reitores da política social e económica na Constitución española.
- Estatuto de Autonomía de Galicia: título preliminar; título primeiro, capítulos I e II.
- Desenvolvemento histórico da Unión Europea (UE): obxectivos e valores éticos en que se fundamenta, de acordo coa DUDH.



- Logros alcanzados pola UE en beneficio dos seus cidadáns e das súas cidadás.

**3ª avaliación:**

- Relación entre ética e dereito.
- Relación entre legalidade e lexitimidade.
- Elaboración da DUDH e creación da ONU. Circunstancias históricas, obxectivos de ambos os acontecementos e papel da DUDH como código ético de conduta dos estados.
- Necesidade de criterios éticos na investigación científica. Progreso científico-técnico e valores éticos.

**Educación plástica (6º Primaria)**

**1ª avaliación:**

- O contexto natural, artificial e artístico: posibilidades plásticas dos elementos naturais e o seu uso con fins expresivos.
- Valoración do cine de animación como ferramenta de aprendizaxe.
- Secuenciación dunha historia, unha novela e unha canción, con imaxes e textos explicativos.
- Elaboración de carteis aplicando coñecementos plásticos e audiovisuais.

- Iniciación a sinxelas obras de animación tendo en conta o son, a montaxe, o guión e a realización.
- Uso intencionado da imaxe como instrumento de comunicación.

**2ª avaliación:**

- Aplicación de recursos gráficos para a expresión de emocións, ideas e accións.
- Disposición á orixinalidade, a espontaneidade e a plasmación de ideas, sentimentos e vivencias de forma persoal e autónoma, na creación dunha obra artística.
- Recreación de espazos, aplicando conceptos artísticos básicos (equilibrio e composición).
- Elaboración de obxectos tridimensionais con distintos materiais.
- Emprego dos medios audiovisuais e novas tecnoloxías da información e da comunicación para o tratamento de imaxes, deseño, animación e difusión dos traballos elaborados.
- Elaboración de producións plásticas utilizando técnicas mixtas, elixindo as técnicas, os instrumentos e os materiais de acordo coas súas características e coa súa finalidade.

**3ª avaliación:**

- Elaboración de composicións plásticas partindo de conceptos xeométricos da realidade do alumnado.

- Uso da cuadrícula para coñecer e comprender o termo de escala.
- Apreciación das posibilidades plásticas e expresivas das estruturas xeométricas.
- Construción de estruturas e transformación de espazos usando nocións métricas e de perspectiva.
- Uso dos instrumentos básicos do debuxo xeométrico para compor unha creación artística partindo dos polígonos elementais.
- Exploración e uso adecuado do material de debuxo técnico, coa finalidade de atopar o máis apropiado para o resultado final.

### **Educación plástica, visual e audiovisual (1º de ESO)**

#### **1ª avaliación:**

- Elementos configurativos da imaxe: punto, liña e plano
- Posibilidades gráficas e expresivas da liña en relación ao seu trazado, o seu grosor ou a súa velocidade.
- Elementos de expresión plástica: liña, textura e cor.
- A cor coma fenómeno físico e visual. Mestura aditiva e mestura substractiva.
- Círculo cromático. Cores complementarias
- Texturas naturais e artificiais. Capacidade expresiva das texturas.

- Materiais e técnicas de debuxo e pintura. Técnicas plásticas: secas, húmidas e mixtas.

**2ª avaliación:**

- O cómic: medio de expresión. Linguaxe do cómic.
- Comunicación visual: características e elementos que interveñen nela.
- Funcións das mensaxes na comunicación visual e audiovisual.

**3ª avaliación:**

- Elementos xeométricos fundamentais: punto, liñas e direccións. Posicións relativas entre rectas: paralelas, cortantes e perpendiculares.
- Circunferencia e círculo.
- Manexo do compás.
- Ángulos. Clasificación de ángulos y posicións relativas.
- Trazado de ángulos con escuadra e cartabón.
- Lugares xeométricos fundamentais. Circunferencia, mediatriz, bisectriz e mediana.
- Triángulos. Clasificación dos triángulos en función dos seus lados e dos seus ángulos.
- Construción de triángulos.
- Cuadriláteros: clasificación e propiedades.
- Construción de cuadriláteros.
- Polígonos. Polígonos regulares e irregulares. Clasificación dos polígonos.

- Construción de polígonos regulares inscritos nunha circunferencia.

### **Educación plástica, visual e audiovisual (3º de ESO)**

#### **1ª avaliación:**

- Expresión plástica. O proceso creativo desde a idea inicial ata a execución definitiva.
- A imaxe como representación da realidade.
- A cor
- Materiais e técnicas de debuxo e pintura. Técnicas plásticas: secas, húmidas e mixtas.

#### **2ª avaliación:**

- Percepción visual. Proceso perceptivo: Constantes perceptivas de forma, tamaño e cor.
- Ilusións ópticas. Leis ou principios da Gestalt.
- Imaxe en movemento: posibilidades expresivas.
- Linguaxe visual. Signo visual. Significante e significado.
- Linguaxes visual e audiovisual: funcións e códigos.
- Recursos visuais presentes en mensaxes publicitarias visuais e audiovisuais.

#### **3ª avaliación:**

- Lugares xeométricos fundamentais. Circunferencia, mediatriz, bisectriz e mediana.
- Polígonos. Polígonos regulares e irregulares. Clasificación dos polígonos.
- Construción de polígonos regulares dado o lado.
- Tanxencias e enlaces
- Redes modulares: cadrada e triangular.
- Concepto de simetría, xiro e translación aplicado as composicións modulares.

### **Educación musical (6º Primaria)**

#### **1ª avaliación:**

- Identificación e apreciación das calidades dos sons do contexto.
- Identificación e apreciación de formas musicais sinxelas.
- Identificación a través da escoita de tipos de voces (soprano, contralto, tenor e baixo), instrumentos, variacións e contrastes de velocidade.
- Valoración e interese pola música de diferentes épocas e culturas, nomeadamente a galega.
- Interpretación de pezas con instrumentos de aula e/ou fruta doce.

#### **2ª avaliación:**

- Interpretación, memorización e improvisación guiada de cancións a unha ou varias voces, desenvolvendo progresivamente a dicción, a afinación e a técnica vocal. Canon.

- Recoñecemento de tipos de instrumentos acústicos e electrónicos, agrupacións instrumentais e vocais, e rexistros da voz.
- Gravación e rexistro das interpretacións para unha valoración e unha análise posteriores.
- Creación de mensaxes musicais con contido expresivo, combinando elementos sonoros e corporais diversos.

### **3ª avaliación:**

- Utilización dos medios de comunicación e de internet para a procura de información, en soporte impreso e dixital, sobre instrumentos, compositores/as, intérpretes e eventos musicais de interese.
- Exploración das posibilidades sonoras e expresivas dos medios audiovisuais e tecnolóxicos para comunicar. Creación de cuñas radiofónicas e videoanuncios.
- Identificación do corpo como instrumento. Indagación e valoración sobre as posibilidades expresivas e comunicativas do corpo en distintas representacións artísticas ou situacións cotiás.
- Invención de coreografías sinxelas para cancións e pezas musicais de diferentes estilos.

### **Música (2º de ESO)**

**1ª avaliación:**

- Parámetros do son. Elementos básicos da linguaxe musical.
- Características da voz e da palabra como medios de expresión musical. Habilidades técnicas e interpretativas, exploración e descuberta das posibilidades da voz como medio de expresión musical.
- Instrumentos e corpo como medios de expresión musical: características xenéricas e formais.
- Agrupacións vocais e instrumentais na música de diferentes xéneros, estilos e culturas. Interpretación individual e en grupo.
- Práctica da relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.
- Exploración das posibilidades de diversas fontes sonoras e práctica de habilidades técnicas para a interpretación.
- Experimentación e práctica das técnicas do movemento e da danza, expresión dos contidos musicais a través do corpo e do movemento, e a interpretación dun repertorio variado de danzas.
- Práctica das pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e aos/ás demais intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto.
- Aceptación e cumprimento das normas que rexen a interpretación en grupo e a achega das ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.



- Aceptación e predisposición para mellorar as capacidades técnicas e interpretativas propias, e respecto ante outras formas de expresión.
- Práctica de pezas musicais aprendidas a través da memorización e da lectura de partituras.
- Sonorización de representacións dramáticas, actividades de expresión corporal, e danza e imaxes fixas e en movemento na realización de producións audiovisuais.

**2ª avaliación:**

- Utilización dos recursos necesarios para a comprensión da música escoitada.
- Identificación dos elementos da música e das súas características na audición e na análise de obras musicais.
- Clasificación e discriminación auditiva dos tipos de voces e instrumentos, e das agrupacións vocais e instrumentais.
- Elementos que interveñen na construción dunha obra musical: melodía, ritmo, harmonía, timbre, textura, forma, tempo, dinámica, etc.
- Sensibilización e actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música e a contaminación sonora.

**3ª avaliación:**

- A música ao servizo doutras linguaxes: corporal, teatral, cinematográfica, radiofónica ou publicitaria.

- Pluralidade de estilos na música actual: características culturais, artísticas e formais.
- Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creacións musicais propias e alleas.
- Utilización de diversas fontes de información para indagar sobre instrumentos, compositores/as, concertos e producións musicais en vivo e gravadas, tanto do patrimonio galego como da música occidental en xeral e doutras culturas.
- Aplicación de técnicas de gravación analóxica e dixital, para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais.
- Utilización das tecnoloxías da información nos procesos de creación musical.
- Coñecemento e emprego das tecnoloxías da información na interpretación e gravación de pezas musicais.
- O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e da comunicación. Valoración dos recursos tecnolóxicos como instrumentos para o coñecemento da música e a satisfacción con ela.

### **Música (3º de ESO)**

#### **1ª avaliación:**

- Repaso dos elementos da representación gráfica da música.

- Procedementos compositivos e formas de organización musical.
- Experimentación e práctica das técnicas do movemento e da danza, expresión dos contidos musicais a través do corpo e do movemento, e a interpretación dun repertorio variado de danzas.
- Práctica da relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.
- Aceptación e predisposición para mellorar as capacidades técnicas e interpretativas propias, e respecto ante outras formas de expresión.
- Sonorización de representacións dramáticas, actividades de expresión corporal, e danza e imaxes fixas e en movemento na realización de producións audiovisuais.
- Fomento da sensibilidade estética desenvolvida a través da comprensión e interiorización da música.
- Composición individual ou en grupo de cancións e pezas instrumentais para distintas agrupacións a partir da combinación de elementos e recursos presentados no contexto das actividades que se realizan na aula.
- Práctica das pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto.
- Exploración das posibilidades de diversas fontes sonoras e práctica de habilidades técnicas para a interpretación

**2ª avaliación:**

- Clasificación e discriminación auditiva dos tipos de voces e instrumentos e das agrupacións vocais e instrumentais.
- Identificación dos elementos da música e das súas características na audición e na análise de obras musicais.
- Audición, análise elemental e apreciación crítica de obras vocais e instrumentais de distintos estilos, xéneros, tendencias e culturas musicais
- Elementos que interveñen na construción dunha obra musical: melodía, ritmo, harmonía, timbre, textura, forma, tempo, dinámica, etc.

### **3ª avaliación:**

- A música ao servizo doutras linguaxes: corporal, teatral, cinematográfica, radiofónica ou publicitaria.
- Utilización de diversas fontes de información para indagar sobre instrumentos, compositores e compositoras, concertos e producións musicais en vivo e gravadas, tanto do patrimonio galego como da música occidental en xeral e doutras culturas.
- O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e da comunicación. Valoración dos recursos tecnolóxicos como instrumentos para o coñecemento da música e a satisfacción con ela.
- Épocas da historia da música: características principais, autores/as significativos/as, audicións con apoio de partitura e interpretación de pezas ou fragmentos das distintas épocas.

- Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creacións musicais propias e alleas.

## **Tecnoloxía (2º de ESO)**

### **1ª avaliación:**

- Fases do proxecto tecnolóxico. A tecnoloxía como resposta ás necesidades humanas.
- Planificación e construción de prototipos ou maquetas mediante o uso responsable de materiais, ferramentas e técnicas axeitadas.
- Bosquexos, esbozos, vistas e perspectivas. Cotación e escalas. Normalización.
- Materiais utilizados na construción de obxectos tecnolóxicos.
- B3.2. Propiedades dos materiais técnicos.
- Ferramentas do taller.

### **2ª avaliación:**

- Estruturas: elementos, tipos e funcións.
- Mecanismos de transmisión e transformación do movemento en máquinas e sistemas.
- Circuitos eléctricos: compoñentes básicos, funcionamento e simboloxía.

### **3ª avaliación:**

- Elementos dun equipamento informático

- Deseño, elaboración e comunicación de proxectos técnicos coas tecnoloxías da información e da comunicación.
- Estrutura e elementos básicos dun programa informático.

### **Tecnoloxía (3º de ESO)**

#### **1ª avaliación:**

- Fases do proxecto tecnolóxico. A tecnoloxía como resposta ás necesidades humanas.
- Deseño e construción de prototipos ou maquetas para resolver problemas técnicos.
- Elementos de información de produtos tecnolóxicos: esbozos e bosquejos.
- Materiais utilizados na construción de obxectos tecnolóxicos.
- Propiedades dos materiais técnicos: técnicas de identificación.

#### **2ª avaliación:**

- Efectos da corrente eléctrica.
- Circuito eléctrico: magnitudes eléctricas, elementos, funcionamento e simboloxía.
- Instrumentos de medida das magnitudes eléctricas básicas.
- Deseño, simulación e montaxe de circuitos eléctricos e electrónicos básicos.

**3ª avaliación:**

- Elementos dun equipamento informático.
- Ferramentas e aplicacións básicas para a procura, a descarga, o intercambio e a publicación de información.
- Medidas de seguridade no uso dos sistemas de intercambio de información.

**Cultura clásica (3º de ESO)**

**1ª avaliación:**

- Marco xeográfico das civilizacións grega e romana.
- Marco histórico da civilización grega e romana.
- Marco histórico da civilización grega e romana.
- Mitos grecolatinos. Os heroes.
- Relixión grega.
- Relixión romana.

**2ª avaliación:**

- Fundamentos da arte clásica.
- Arquitectura en Grecia e Roma: tipos de edificios e ordes arquitectónicas.
- Organización política en Grecia e en Roma.
- Sociedade en Grecia e Roma: clases sociais.
- Vida cotiá en Grecia e Roma.

### **3ª avaliación:**

- Historia da escritura. Signos e materiais.
- Orixe do alfabeto. O alfabeto grego e o alfabeto romano.
- As linguas do mundo.
- Civilización grecolatina nas artes e na organización social e política actual.
- Historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país.

### **METODOLOXÍA**

Para iniciar o proceso de ensinanza-aprendizaxe, levaremos a cabo unha metodoloxía individualizada, partindo dos coñecementos previos do alumnado, e proporcionando, así, unha resposta axeitada ás súas necesidades.

Tentarase que os contidos traballados na aula teñan unha relación ou unha posible aplicación á vida cotiá. Así, o alumnado verá a utilidade dos coñecementos á par que se motiva para aprendelos e poñelos en práctica.

Levaranse a cabo estratexias que fomenten a autonomía e a autorregulación da aprendizaxe. Con este fin, empregaremos a motivación como estratexia, partindo en todo momento dos intereses e experiencias do estudante.

Fomentarase o emprego do pensamento crítico e a busca de información como método para completar a explicación dos contidos teóricos que impartirá o docente.



Farase partícipe en todo momento ao alumnado no proceso de ensinanza-aprendizaxe, considerándoo como un axente activo e capaz de dirixir e organizar a súa aprendizaxe.

Así mesmo, favorecerase a relación entre a familia, o claustro e o resto de profesionais e servizos, tanto internos do centro coma externos, co fin de dar unha mellor resposta ás necesidades do alumnado.

En canto á forma de ensinanza, elaboraremos o noso propio material para poder axustarnos mellor as necesidades de cada alumno. Así mesmo, ademais de traballar na aula co material elaborado e con outras actividades que se vaian a desenvolver alí, tamén lle daremos importancia e promoveremos o emprego das TIC para adquirir coñecementos a través da procura de información e da formación en diferentes programas e documentos básicos. Con isto búscase instruír ao alumnado no emprego dos ordenadores como un recurso educativo máis, de cara a utilizalos como canle virtual no caso dun novo confinamento.

Este curso, debido á situación sanitaria actual, cada estudante terá asignado desde o principio o seu propio mobiliario: mesa, cadeira, percheiro e taquilla. As aulas estarán distribuídas de xeito que se respecte a distancia de seguridade entre cada pupitre en cada unha das aulas, que son amplas e espazosas. O sitio das mesas e cadeiras estará marcado no chan, a fin de asegurar dita distancia.

No caso da suspensión da actividade lectiva presencial debido a circunstancias sanitarias derivadas da Covid-19, a metodoloxía centrarase no envío de tarefas a través da aula virtual do CPR, respectando as sesións semanais de cada unha das materias.

Todo o noso alumnado ten acceso a Internet desde as súas casas, polo que poderán descargar as actividades para realizalas. Unha vez feitas, deberán envalas ao seu titor ou titora, quen as porá a disposición do profesorado de área correspondente para a súa posterior corrección. Por último, se enviarán novamente ao alumando para que poida reforzar os contidos.

En todo caso manterase contacto contacto cos propios estudantes e coas súas familias sempre que sexa preciso, ben por vía telefónica, ben mediante correo electrónico, a fin de efectuar un seguimento do traballo realizado.

Toda a información relevante para alumnado e familias se atopará a disposición pública na páxina web do centro.

### **MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS**

Dadas as características do alumnado, todos os docentes que impartimos clase nestas aulas somos profesores de pedagogía terapéutica. Así, podemos atender de xeito máis eficaz ás necesidades dos estudantes. Os docentes elaboraremos o noso propio material para poder axustarnos mellor as necesidades de cada alumno. Así mesmo, ademais de traballar na aula co material elaborado e con outras actividades que se vaian desenvolver alí, promoveremos o emprego das TIC para adquirir coñecementos a través da procura de información acudindo á aula de informática. Tamén faremos uso da biblioteca, para que os alumnos aprendan a buscar a información nas enciclopedias, dicionarios...

De maneira exclusiva, o material empregado polo alumnado este curso será de uso individual: cada un dos estudantes terá os seus propios útiles escolares. No

caso de empregar material do centro, este será limado e desinfectado exhaustivamente tras o seu uso.

Os materias que se empregarán no caso da suspensión das clases presenciais por motivos de Covid-19 serán, maioritariamente, medios telemáticos -o correo electrónico, plataformas dixitais como a aula virtual do centro ou o *Google Drive* e redes sociais como o *Telegram* ou *Skype*-. Tamén se fará uso da vía telefónica.

## ACTIVIDADES

As actividades que se levarán a cabo partirán dos intereses e dos coñecementos previos dos estudantes, de modo que se lles motive cara a aprendizaxe autónoma e a curiosidade ante información descoñecida.

Ao longo do curso, proporanse actividades de investigación e levaranse, na medida do posible, todos os coñecementos á practica, despertando a curiosidade e a motivación do alumnado.

Podemos diferenciar tres tipos de actividades en base á súa función:

- **Actividades iniciais:** terán como fin avaliar os coñecementos previos do alumando, motivar, despertar o interese...
- **Actividades de desenvolvemento:** terá como finalidade a adquisición e posta en práctica dos coñecementos das diferentes áreas para acadar os obxectivos e as competencias clave sinaladas con anterioridade.
- **Actividades de consolidación:** a súa principal función será afianzar os coñecementos adquiridos en cada área.

Ademáis, o alumnado acudirá dúas sesións semanais aos talleres de cociña e de xardinaría, co obxectivo de instruílos de cara a un posible futuro laboral, e, do mesmo xeito, todos os días se destinará algunha das sesións a realizar unha aprendizaxe por proxectos, partindo dos seus intereses e motivacións, co obxecto de levar a cabo unha ensinanza máis práctica e liberar levemente aos estudantes, dadas as súas características, de contidos teóricos.

As actividades que se proporán se as circunstancias sanitarias obrigan á interrupción do período lectivo presencial, serán actividades individuais, atendendo á diversidade de ritmos e aprendizaxes que poidamos atopar entre o noso alumnado e sempre seguindo as instrucións que proporcionen dende a Consellería de Educación.

## **AVALIACIÓN**

Para levar a cabo a avaliación valorarase en maior medida a actitude e o interese ante a aprendizaxe, así como o comportamento na aula.

A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será común para todas as áreas e terá un carácter continuo, global, formativo e inclusivo.

O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado coma os procesos de ensino e a súa propia práctica docente.

No caso de levar a cabo unha ensinanza non presencial por illamento debido a motivos sanitarios, a avaliación do alumnado levarase a cabo tendo en conta a

realización ou non realización das actividades que se proporán, a implicación e a participación dos estudantes e a actitude que amosen ante o proceso de ensino- aprendizaxe, seguindo os criterios de avaliación que se expoñen a continuación, adaptados, de ser o caso, á nova situación de confinamento.

### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN:**

Os criterios de avaliación das áreas serán referentes fundamentais para valorar o grao de adquisición das competencias básicas. Expoñemos a continuación estes criterios:

#### **Lingua galega e literatura (6º Primaria)**

- Valorar e utilizar os documentos audiovisuais dos medios de comunicación como instrumento de aprendizaxe.
- Comprender e producir textos orais propios do uso cotián ou do ámbito académico.
- Manter unha actitude de escoita activa, respectando as opinións dos e das demais.
- Participar nas diversas situacións de intercambio oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral.
- Amosar interese por expresarse en público coherentemente, sen contradicións, sen repeticións innecesarias e usando nexos adecuados.
- Recoñecer e valorar as diferenzas dialectais orais da lingua galega.

- Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variados (webs infantís, libros, carteis) e realizar inferencias determinando intencións e dúbidos sentidos.
- Realizar o subliñado das ideas principais dun texto, e esquematizar e resumindo seu contido.
- Utilizar estratexias para mellorar a lectura.
- Utilizar as tecnoloxías da información para tratar a información nun texto.
- Realizar diferentes tipos de lectura.
- Ler expresivamente textos de diversa tipoloxía (dramatizando cando é preciso) con fluidez e precisión, atendendo á dicción, entoación, intensidade de voz, ritmo e velocidade, adecuados ás diversas situacións funcionais da lectura en voz alta (ler para que alguén goce escoitando, ler para dar a coñecer un texto descoñecido, ler para compartir información que se acaba de localizar) facendo participar a audiencia da súa interpretación.
- Usar as bibliotecas da aula e do centro, así como as virtuais, con autonomía abonda, comprendendo como se organiza e colaborando no seu coidado e mellora.
- Amosar autonomía lectora e capacidade de selección de textos do seu interese, así como ser quen de expresar preferencias.
- Analizar textos escritos en diferentes variedades da lingua galega.
- Elaborar textos do ámbito académico para obter, organizar e comunicar información.

- Elaborar textos breves con creatividade.
- Usar de maneira autónoma as TIC para a busca de información, tratamento dos textos e realización de presentacións.
- Coidar a presentación dos traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación.
- Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, implícita e funcionalmente, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua.
- Coñecer e aplicar as normas ortográficas xerais e as de acentuación en particular, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.
- Utilizar correctamente as regras de puntuación, así como unha sintaxe adecuada nas producións orais e escritas.
- Identificar o papel semántico do suxeito e transformar oracións activas en pasivas, e viceversa, para mellorar a comprensión e a produción de textos.
- Transformar un texto narrativo de estilo directo noutro de estilo indirecto e viceversa.
- Ampliar o vocabulario a partir do uso do dicionario e do traballo e reflexión sobre as palabras que conforman a lingua.
- Coñecer as características relevantes da lingua galega e identificar e valorar esta lingua dentro da realidade plurilingüe e pluricultural de España e de Europa.

- escoitar, memorizar, reproducir e valorar textos procedentes da literatura popular galega e da literatura galega en xeral.
- Ler textos e obras en galego da literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual, adaptadas á idade e en diferentes soportes.
- Analizar as características dos diferentes xéneros e as figuras literarias, así como temas e tópicos recorrentes.
- Recrear e compoñer poemas e relatos a partir de modelos dados.

### **Lingua galega e literatura (1º de ESO)**

- Comprender e interpretar a intención comunicativa e a idea xeral de textos orais.
- Coñecer e apreciar as normas de cortesía nas intervencións orais propias e allea.
- Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.
- Aplicar técnicas e estratexias para falar en público,
- Producir discursos breves e comprensibles sobre temas da vida cotiá, de interese persoal ou social.
- Comprender, interpretar e sintetizar textos da vida cotiá e das relacións sociais.



- Ler en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa.
- Producir textos de distintos xéneros: descrições, narracións de feitos e exposicións de ideas e conceptos.
- Usar eficazmente os dicionarios.
- Aplicar e valorar as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.
- Analizar e usar correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión textual.
- Coñecer as regras de concordancia e das funcións sintácticas principais no seo da oración para elaborar enunciados cun estilo cohesionado e correcto.
- Recoñecer as modalidades asertivas, interrogativas, exclamativas, desiderativas, dubitativas e imperativas en relación coa intención comunicativa do emisor.
- Valorar as linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo.
- Coñecer a situación sociolingüística e legal das linguas de España.
- Comparar textos literarios e non literarios e diferenciar textos dos tres grandes xéneros a partir dos seus trazos característicos máis xerais.

## **Lingua galega e literatura (2º de ESO)**

- Extraer a intención comunicativa e a idea xeral de textos orais sinxelos dos ámbitos social e educativo, e seguir instrucións para realizar tarefas guiadas de aprendizaxe con progresiva autonomía.
- Coñecer e apreciar as normas de cortesía nas intervencións orais propias e alleas, tanto espontáneas como planificadas.
- Valorar as producións emitidas cunha fonética e prosodia correcta e amosar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.
- Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.
- Participar activamente en situacións propias do ámbito educativo (pedir aclaracións, intercambiar opinións e expor conclusións).
- Aplicar técnicas de análise do contido e estratexias de lectura comprensiva.
- Comprender, interpretar e sintetizar textos da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado: mensaxes electrónicas ou de móbil e normas e instrucións de uso.
- Amosar unha actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes que transmiten prexuízos e reflexionar sobre os usos lingüísticos discriminatorios.
- Ler en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa.

- Producir, en formato papel ou dixital, textos sinxelos propios da vida cotiá e das relacións sociais: notas, cartas, avisos, mensaxes electrónicas ou de móbil.
- Recoñecer, explicar e usar léxico amplo e preciso coa presenza da fraseoloxía e vocabulario traballado na aula.
- Usar eficazmente os dicionarios ou calquera outra fonte de consulta en calquera soporte, para resolver dúbidas e para progresar na aprendizaxe autónoma.
- Aplicar e valorar as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.
- Analizar e usar correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión textual.
- Recoñecer e explicar o uso das distintas categorías gramaticais, utilizar este coñecemento para distinguir erros e diferenciar as flexivas das non flexivas.
- Coñecer as regras de concordancia e das funcións sintácticas principais no seo da oración para elaborar enunciados cun estilo cohesionado e correcto.
- Recoñecer as modalidades asertivas, interrogativas, exclamativas, desiderativas, dubitativas e imperativas en relación coa intención comunicativa do emisor.

- Aplicar progresivamente o coñecemento e o uso das estratexias de autoavaliación e a aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe.
- Valorar as linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo, valorar positivamente o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e coñecer a lusofonía e achegarse ás culturas que a integran.
- Identificar os prexuízos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles.
- Recoñecer e apreciar as variantes diatópicas do galego.
- Comparar textos literarios e non literarios e diferenciar textos dos tres grandes xéneros a partir dos seus trazos característicos máis xerais.
- Ler expresiva e comprensivamente, facer audicións de poemas recitados ou cantados, sinalar a temática ou temáticas abordadas e describir os valores estilísticos dos textos.
- Describir e caracterizar os trazos definitorios básicos do cómic e a canción como linguaxes artísticas.

### **Lingua galega e literatura (3º de ESO)**

- Comprender e interpretar a intención comunicativa implícita e explícita, o tema, a idea principal e as secundarias, o datos relevantes de textos orais dos medios de comunicación audiovisual.

- Identificar o propósito comunicativo en textos orais dos medios de comunicación, analizar criticamente os seus contidos e interpretar as connotacións e mensaxes discriminatorias implícitas.
- Comprender, interpretar e valorar textos orais expositivos e argumentativos.
- Comprender textos orais expositivos e argumentativos utilizados no ámbito educativo (presentacións, relatorios e intervencións en mesas redondas) e identificar as ideas principais e secundarias, o propósito comunicativo implícito ou explícito, e diferenciar as explicacións dos argumentos.
- Participar activamente en situación propias do ámbito educativo e de interese para o alumnado que xeren intercambio de opinión.
- Producir discursos breves e comprensibles, nun rexistro neutro, informal ou máis culto, sobre temas da vida cotiá ou educativa.
- Coñecer e aplicar, con axuda das TIC, técnicas e estratexias para realizar exposicións orais planificadas.
- Aplicar técnicas e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica de textos.
- Comprender e interpretar textos da vida cotiá e das relacións sociais: convocatorias, actas de reunión e regulamentos.
- Comprender e interpretar escritos propios dos medios de comunicación e distinguir entre información e opinión en entrevistas, crónicas e reportaxes.

- Usar, de maneira case autónoma, os recursos que ofrecen as bibliotecas e outros recursos relacionados coas TIC para obter, organizar e seleccionar información.
- Ler en voz alta, de xeito fluído, e respectar os patróns fonéticos do galego.
- Planificar producir e revisar textos con adecuación, coherencia, cohesión e con respecto polas normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas.
- Utilizar as TIC para organizar os contidos, mellorar a presentación e corrixir as producións escritas.
- Recoñecer e explicar os valores de léxico temático e da fraseoloxía.
- Usar progresiva, autónoma e eficazmente os dicionarios, as bibliotecas e outras fontes de consulta para resolver dúbidas e progresar na aprendizaxe.
- Aplicar as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.
- Valorar as linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo, apreciar o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e coñecer a importancia da lusofonía e incorporar ferramentas en rede desta comunidade cultural.
- Identificar os prexuízos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles.
- Crear ou recrear textos sinxelos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos.

### **Lingua castelá e literatura (6º Primaria)**

- Integrar e recoñecer a información verbal e non verbal dos discursos orais.
- Expresarse de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións con vocabulario preciso e estrutura coherente.
- Comprender o sentido global dos textos orais, recoñecendo as ideas principais e secundarias e identificar ideas ou valores non explícitos.
- Ler en voz alta diferentes textos, con fluidez e entoación adecuada.
- Comprender distintos tipos de textos adaptados á idade e utilizando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e fixar a ortografía correcta
- Resumir un texto lido reflectindo a estrutura e destacando as ideas principais e secundarias nos distintos tipos de textos.
- Ler por propia iniciativa diferentes tipos de textos.
- Utilizar textos científicos en diferentes soportes para seleccionar e recoller información, ampliar coñecementos e aplicalos en traballos persoais.
- Utilizar as Tecnoloxías da Información e a Comunicación de modo eficiente e responsable para a procura e tratamento da información.
- Producir textos con diferentes intencións comunicativas con coherencia, respectando a súa estrutura e aplicando as regras ortográficas coidando a caligrafía, orde e presentación.
- Aplicar todas as fases do proceso de escritura na produción de textos escritos de distinta índole: planificación, textualización, revisión e reescritura, utilizando esquemas e mapas conceptuais, aplicando

estratexias de tratamento da información, redactando os seus textos con claridade, precisión e corrección, revisándoos para melloralos e avaliando, coa axuda de guías, as producións propias e alleas.

- Elaborar proxectos individuais ou colectivos sobre diferentes temas da área.
- Buscar unha mellora progresiva no uso da lingua, explorando canles que desenvolvan a sensibilidade, a creatividade e a estética.
- Favorecer a través da linguaxe a formación dun pensamento crítico que impida discriminacións e prexuízos.
- Aplicar os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática (categorías gramaticais), o vocabulario (formación e significado das palabras e campos semánticos), así coma as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.
- Desenvolver as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua.
- Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos.
- Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua.
- Coñecer a variedade lingüística de España e do español como fonte de enriquecemento cultural. Mostrar respecto tanto cara ás linguas e dialectos que se falan en España, como lectos que se falan en España, como cara ao español de América.



- Integrar a lectura expresiva e a comprensión e interpretación de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na práctica escolar e recoñecer e interpretar algúns recursos da linguaxe literaria (metáforas, personificacións, hipérboles e xogos de palabras), e diferenciar as principais convencións formais dos xéneros.
- Valorar a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.

### **Lingua castelá e literatura (1º de ESO)**

- escoitar de forma activa e comprender o sentido global de textos orais.
- Aprender a falar en público, en situacións formais e informais, de xeito individual ou en grupo.
- Reproducir situacións reais ou imaxinarias de comunicación potenciando o desenvolvemento progresivo das habilidades sociais, a expresión verbal e non verbal, e a representación de realidades, sentimentos e emocións.
- Ler, comprender e interpretar e valorar textos en diferentes formatos e soportes.
- Escribir textos en diferentes soportes e formatos, en relación co ámbito de uso.
- Usar de forma efectiva os dicionarios e outras fontes de consulta.
- Identificar a intención comunicativa da persoa que fala.
- Fomentar o gusto e o hábito pola lectura en todas as súas vertentes.
- Redactar textos persoais de intención literaria.

### **Lingua castelá e literatura (2º de ESO)**

- escoitar de forma activa e comprender o sentido global de textos orais.
- Valorar a importancia da conversa na vida social practicando actos de fala (contando, describindo, opinando, dialogando, etc.), en situacións comunicativas propias da actividade escolar.
- Recoñecer, interpretar e avaliar progresivamente a claridade expositiva, a adecuación, a coherencia e a cohesión do contido das producións orais propias e alleas, así como os aspectos prosódicos e os elementos non verbais (acenos, movementos, ollada, etc.).
- Procurar e manexar información, na biblioteca e noutras fontes, en papel ou dixital, para integrala nun proceso de aprendizaxe continua.
- Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as súas normas de uso para resolver problemas de comprensión de textos orais e escritos e para a composición e a revisión progresivamente autónoma dos textos propios e alleos.
- Identificar os conectores textuais e os principais mecanismos de referencia interna presentes nos textos, recoñecendo a súa función na organización do contido do discurso.
- Coñecer e apreciar as normas de cortesía nas intervencións orais propias e alleas, tanto espontáneas como planificadas.

### **Lingua castelá e literatura (3º de ESO)**

- Aplicar estratexias de lectura comprensiva e crítica de textos.
- Ler, comprender, interpretar e valorar textos en diferentes formatos e soportes.
- Manifestar unha actitude crítica ante a lectura de calquera tipo de textos a través dunha lectura reflexiva que permita identificar posturas de acordo ou desacordo, respectando en todo momento as opinións das demais persoas.
- Valorar a importancia da escritura como ferramenta de adquisición das aprendizaxes e como estímulo do desenvolvemento persoal.
- as súas normas de uso para resolver problemas de comprensión de textos orais e escritos, e para a composición e a revisión progresivamente autónoma dos textos propios e alleos, utilizando a terminoloxía gramatical necesaria para a explicación dos usos da lingua.
- Observar, recoñecer e explicar os usos dos grupos nominais, adxectivais, verbais, preposicionais e adverbais dentro do marco da oración simple.
- Recoñecer, usar e explicar os elementos constitutivos da oración simple.
- Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.

- Ler fragmentos ou obras da literatura española e universal de todos os tempos e da literatura xuvenil, próximas aos propios gustos e ás súas afeccións, amosando interese pola lectura.
- Redactar textos persoais de intención literaria seguindo as convencións do xénero, con intención lúdica e creativa.

### **Primeira lingua estranxeira –inglés- (6º Primaria)**

- Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial ou os puntos principais do texto.
- Participar de maneira simple e comprensible en conversas moi breves que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares (un mesmo, a contorna inmediata, persoas, lugares, obxectos e actividades, gustos e opinións), nun rexistro neutro ou informal, utilizando expresións e frases sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos, aínda que en ocasións a pronuncia non sexa moi clara, sexan evidentes as pausas e titubeos e sexa necesaria a repetición, a paráfrase e a cooperación da persoa interlocutora para manter a comunicación.
- Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos moi breves e sinxelos, utilizando, p. e., fórmulas e linguaxe prefabricado ou expresións memorizadas, ou apoiando con xestos o que se quere expresar.

- Articular, de maneira polo xeral comprensible pero con evidente influencia da primeira ou outras linguas, un repertorio moi limitado de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, adaptándoos á función comunicativa que se quere levar a cabo.
- .Facerse entender en intervencións breves e sinxelas.
- Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial ou os puntos principais do texto.
- Inferir do contexto e da información contida no texto os significados probables de palabras e expresións que se descoñecen.
- Recoñecer os signos ortográficos básicos (p. e. punto, coma), así como símbolos de uso frecuente (p. e. ☺, @, £), e identificar os significados e intencións comunicativas xerais relacionados con estes.
- Construír, en papel ou en soporte electrónico, textos moi curtos e sinxelos, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro ou informal, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas básicas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo/a, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.
- Distinguir a función ou funcións comunicativas principais do texto (p. e. unha demanda de información, unha orde, ou un ofrecemento) e un repertorio limitado dos seus expoñentes máis habituais, así como os patróns discursivos básicos (p. e. inicio e peche conversacional, ou os

puntos dunha narración esquemática, inicio e peche dunha carta, ou os puntos dunha descrición esquemática).

- Recoñecer os significados máis comúns asociados ás estruturas sintácticas básicas propias da comunicación oral ou escrita (p. e estrutura interrogativa para demandar información).
- Recoñecer un repertorio limitado de léxico oral ou escrito de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas propias experiencias, necesidades e intereses.

### **Primeira lingua estranxeira –inglés- (1º de ESO)**

- Comprender e saber explicar estratexias básicas de comprensión do sentido xeral.
- Identificar a información esencial.
- Recoñecer as fórmulas máis habituais de contacto social e as normas de cortesía máis sinxelas e comúns para a súa idade.
- Pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible.
- Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados.
- Producir textos breves e comprensibles.
- Manexar con certa fluidez frases curtas.
- Comprender instrucións básicas e avisos, obrigas e prohibición.
- Identificar e interpretar palabras e enunciados clave sinxelos e contextualizados.
- Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal.

- Escribir mensaxes sinxelas con información, instrucións e indicacións moi básicas.
- Interactuar segundo as convencións sociais máis básicas.
- Valorar as linguas como medio para comunicarse e relacionarse.
- Comprender e utilizar un repertorio léxico oral básico.

### **Primeira lingua estranxeira –inglés- (2º de ESO)**

- Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto.
- Identificar a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta, nun rexistro estándar formal, e que versen sobre asuntos cotiáns en situacións habituais escolares e da familia ou do propio campo de interese, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito.
- Pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que os interlocutores teñan que solicitar repeticións de cando en vez.

- Utilizar as estratexias máis adecuadas para producir textos monolóxicos que aborden descrições, narracións e explicacións breves e sinxelas sobre acontecementos, experiencias, condicións de vida e coñecementos diversos, con certa fluidez e pronuncia intelixible, utilizando conectores textuais, e con dominio do vocabulario elemental para lograr a finalidade da comunicación.
- Utilizar estratexias de cooperación na interacción e no traballo con outras persoas, colaborando coas demais persoas na interacción, verificando a comprensión propia e a das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación. Aplicar estratexias adecuadas para elaborar textos escritos breves e de estrutura simple (por exemplo, copiando formatos, fórmulas e modelos convencionais propios de cada tipo de texto, identificando as ideas pertinentes e necesarias, poñendo unha idea principal en cada parágrafo, etc.).
- Escribir, en papel ou en soporte electrónico, textos breves, sinxelos e de estrutura clara sobre temas cotiáns ou de interese persoal, nun rexistro estándar ou informal, utilizando adecuadamente os recursos máis básicos de cohesión e de coherencia, e as convencións ortográficas básicas e os signos de puntuación máis comúns, cun control razoable de expresións e estruturas básicas e sinxelas, e un léxico de uso frecuente para a súa idade e o seu nivel escolar. Tomar notas e escribir mensaxes moi breves e sinxelas a partir dunha información moi sinxela e predicible.



- Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal.
- Escribir mensaxes sinxelas con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de inmediata necesidade.
- Pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible, aínda que se cometan erros de pronunciación polos que os interlocutores teñan que solicitar repeticións.
- Coñecer e utilizar para a comprensión e produción de textos orais e escritos os aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (hábitos de estudo e de traballo, actividades de lecer, etc.), ás condicións de vida, ás relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no traballo, no centro docente, etc.), ao comportamento (xestos, expresións faciais, uso da voz e contacto visual) e ás convencións sociais (costumes e tradicións).
- Comprender e utilizar un repertorio léxico oral básico suficiente para comunicar información, contidos elementais doutras materias do currículo e opinións breves, simples e directas en situacións habituais e cotiás propias da súa idade e do seu nivel escolar.

### **Primeira lingua estranxeira –inglés- (3º de ESO)**

- Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto.
- Identificar información xeral e específica relevante de textos sinxelos emitidos cara a cara ou por medios audiovisuais sobre temas concretos e

coñecidos (información básica sobre algunha materia do currículo, temas do seu interese ou ocupacionais propios da súa idade e do seu nivel escolar), pronunciadas con lentitude e claridade.

- Comprender os puntos principais e información específica en mensaxes e anuncios públicos breves, claros e sinxelos, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información, sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado.
- Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos breves e de estrutura simple e clara, utilizando, entre outros, procedementos como a adaptación da mensaxe a patróns da primeira lingua ou outras, ou o uso de elementos léxicos aproximados, se non se dispón doutros máis precisos.
- Manexar frases curtas, grupos de palabras e fórmulas para desenvolverse de xeito suficiente e comprensible en breves intercambios en situacións habituais e cotiás, interrompendo en ocasións o discurso para procurar expresións, articular palabras menos frecuentes e reparar a comunicación en situacións menos comúns.
- Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou ceder a quenda de palabra, aínda que se dependa en grande medida da actuación da persoa interlocutora.
- Participar en conversas nas que se establece contacto social, intercámbiase información sobre temas sinxelos e habituais, onde se fan

ofrecementos ou suxestións, se dan instrucións, e se expresan sentimentos, opinións, acordo e desacordo, sempre que de cando en vez lle repitan ou lle volvan a formular o que din.

- Pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible, aínda que resulte evidente o acento estranxeiro ou se cometan erros de pronunciación, sempre que non interrompan a comunicación, polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións de cando en vez.
- Producir textos escritos sen faltas de ortografía significativas en palabras e expresións habituais propias do nivel.
- Utilizar as experiencias lingüísticas e os coñecementos adquiridos en todas as linguas que coñece, para establecer similitudes e diferenzas coa nova lingua e desenvolver unha competencia comunicativa plurilingüe, e apreciar a riqueza persoal e social que proporciona ser unha persoa plurilingüe.
- Recoñecer e utilizar léxico oral e escrito de uso común relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos propios intereses, os estudos e as ocupacións; inferir do contexto e do cotexto, con apoio visual, os significados de palabras e expresións de uso menos frecuente ou máis específico, e comunicar información, opinións e puntos de vista breves, simples e directos en situacións habituais e cotiás, aínda que en situacións menos correntes haxa que adaptar a mensaxe.

### **Matemáticas (6º Primaria)**

- Ler, escribir e ordenar utilizando razoamentos apropiados, distintos tipos de números (romanos, naturais, fraccións e decimais ata as milésimas).
- Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.
- Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, facendo referencia implícita ás propiedades das operacións, en situación de resolución de problemas.
- Utilizar as propiedades das operacións, as estratexias persoais e os diferentes procedementos que se usan segundo a natureza do cálculo que se realizará (algoritmos escritos, cálculo mental, tenteo, estimación e calculadora).
- Utilizar os números enteiros, decimais, fraccionarios e as porcentaxes sinxelas para interpretar e intercambiar información en contextos da vida cotiá.
- Operar cos números tendo en conta a xerarquía nas operacións, aplicando as propiedades destas, as estratexias persoais e os diferentes procedementos que se utilizan segundo a natureza do cálculo que se realizará (algoritmos escritos, cálculo mental, tenteo, estimación, calculadora), usando o máis adecuado.
- Coñecer, utilizar e automatizar algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións da vida cotiá.

- identificar, resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.
- Escoller os instrumentos de medida máis pertinentes en cada caso, estimando a medida de magnitudes de lonxitude, capacidade, masa e tempo facendo previsións razoables.
- Operar con diferentes medidas.
- Coñecer o sistema sesaxesimal para realizar cálculos con medidas angulares.
- Identificar e resolver problemas da vida cotiá adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.
- Utilizar as nocións xeométricas de paralelismo, perpendicularidade, simetría, xeometría, perímetro e superficie para describir e comprender situacións da vida cotiá.
- Coñecer as figuras planas; cadrado, rectángulo, romboide, triángulo, trapecio e rombo.
- Comprender o método de calcular a área dun paralelogramo, triángulo, trapecio e rombo. Calcular a área de figuras planas.
- Utilizar as propiedades das figuras planas para resolver problemas.

- Realizar, ler e interpretar representacións gráficas dun conxunto de datos relativos ao contorno inmediato.
- Identificar e resolver problemas da vida cotiá axeitados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.

### **Matemáticas (1º de ESO)**

- Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas.
- Desenvolver procesos de matematización en contextos da realidade cotiá.
- Empregar as ferramentas tecnolóxicas axeitadas, de forma autónoma,
- Utilizar números naturais, enteiros, fraccionarios e decimais, e porcentaxes sinxelas, as súas operacións e as súas propiedades, para recoller, transformar e intercambiar información e resolver problemas relacionados coa vida diaria.
- Elixir a forma de cálculo apropiada (mental, escrita ou con calculadora), usando diferentes estratexias que permitan simplificar as operacións.
- Utilizar a linguaxe alxébrica para simbolizar e resolver problemas mediante a formulación de ecuacións de primeiro grao.
- Recoñecer e describir figuras planas, os seus elementos e as súas propiedades características para clasificalas, identificar situacións, describir o contexto físico e abordar problemas da vida cotiá.

- Analizar corpos xeométricos (cubos, ortoedros, prismas, pirámides, cilindros, conos e esferas) e identificar os seus elementos característicos (vértices, arestas, caras, desenvolvementos planos, seccións ao cortar con planos, corpos obtidos mediante seccións, simetrías, etc.).
- Coñecer, manexar e interpretar o sistema de coordenadas cartesianas.
- Organizar e presentar datos relevantes para respondelas, utilizando os métodos estatísticos apropiados e as ferramentas adecuadas, organizando os datos en táboas e construíndo gráficas, calculando os parámetros relevantes e obtendo conclusións razoables a partir dos resultados obtidos.

### **Matemáticas (2º de ESO)**

- Expresar verbalmente e de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema.
- Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.
- Empregar as ferramentas tecnolóxicas axeitadas, de forma autónoma, realizando cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, facendo representacións gráficas, recreando situacións matemáticas mediante simulacións ou analizando con sentido crítico situacións diversas que axuden á comprensión de conceptos matemáticos ou á resolución de problemas.

- Utilizar números naturais, enteiros, fraccionarios e decimais, e porcentaxes sinxelas, as súas operacións e as súas propiedades, para recoller, transformar e intercambiar información e resolver problemas relacionados coa vida diaria.
- Coñecer e utilizar propiedades e novos significados dos números en contextos de paridade, divisibilidade e operacións elementais, mellorando así a comprensión do concepto e dos tipos de números.
- Utilizar diferentes estratexias (emprego de táboas, obtención e uso da constante de proporcionalidade, redución á unidade, etc.) para obter elementos descoñecidos nun problema a partir doutros coñecidos en situacións da vida real nas que existan variacións porcentuais e magnitudes directamente proporcionais.
- Analizar procesos numéricos cambiantes, identificando os patróns e as leis xerais que os rexen, utilizando a linguaxe alxébrica para expresalos, comunicalos e realizar predicións sobre o seu comportamento ao modificar as variables, e operar con expresións alxébricas.
- Utilizar a linguaxe alxébrica para simbolizar e resolver problemas mediante a formulación de ecuacións de primeiro grao, aplicando para a súa resolución métodos alxébricos ou gráficos, e contrastar os resultados obtidos.
- Recoñecer e describir figuras planas, os seus elementos e as súas propiedades características para clasificalas, identificar situacións, describir o contexto físico e abordar problemas da vida cotiá.



- Utilizar estratexias, ferramentas tecnolóxicas e técnicas simples da xeometría analítica plana para a resolución de problemas de perímetros, áreas e ángulos de figuras planas, utilizando a linguaxe matemática axeitada, e expresar o procedemento seguido na resolución.
- Coñecer, manexar e interpretar o sistema de coordenadas cartesianas.
- Formular preguntas axeitadas para coñecer as características de interese dunha poboación e recoller, organizar e presentar datos relevantes para respondelas, utilizando os métodos estatísticos apropiados e as ferramentas adecuadas, organizando os datos en táboas e construíndo gráficas, calculando os parámetros relevantes e obtendo conclusións razoables a partir dos resultados obtidos.
- Utilizar ferramentas tecnolóxicas para organizar datos, xerar gráficas estatísticas, calcular parámetros relevantes e comunicar os resultados obtidos que respondan ás preguntas formuladas previamente sobre a situación estudada.

### **Matemáticas (3º de ESO)**

- Expresar verbalmente e de xeito razoado o proceso seguido na resolución dun problema.
- Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.

- Desenvolver procesos de matematización en contextos da realidade cotiá (numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos ou probabilísticos) a partir da identificación de situacións problemáticas da realidade.
- Superar bloqueos e inseguridades ante a resolución de situacións descoñecidas.
- Empregar as ferramentas tecnolóxicas adecuadas, de xeito autónomo, realizando cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, facendo representacións gráficas, recreando situacións matemáticas mediante simulacións ou analizando con sentido crítico situacións diversas que axuden á comprensión de conceptos matemáticos ou á resolución de problemas.
- Resolver problemas da vida cotiá nos que se precise a formulación e a resolución de ecuacións de primeiro e segundo grao, e sistemas lineais de dúas ecuacións con dúas incógnitas, aplicando técnicas de manipulación alxébricas, gráficas ou recursos tecnolóxicos, e valorar e contrastar os resultados obtidos.
- Recoñecer e describir os elementos e as propiedades características das figuras planas, os corpos xeométricos elementais e as súas configuracións xeométricas.
- Recoñecer as transformacións que levan dunha figura a outra mediante movemento no plano, aplicar os referidos movementos e analizar deseños cotiáns, obras de arte e configuracións presentes na natureza.

- Interpretar o sentido das coordenadas xeográficas e a súa aplicación na localización de puntos.
- Coñecer os elementos que interveñen no estudo das funcións e a súa representación gráfica.
- Elaborar informacións estatísticas para describir un conxunto de datos mediante táboas e gráficas adecuadas á situación analizada, e xustificar se as conclusións son representativas para a poboación estudada.

### **Ciencias Sociais (6º Primaria)**

- Obter información concreta e relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, utilizando diferentes fontes (directas e indirectas)
- Utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación para obter información e como instrumento para aprender, e expresar contidos sobre Ciencias sociais.
- Describir correctamente planos e mapas, incluíndo os planisferios, interpretando a súa escala e signos convencionais.
- Identificar os elementos que inflúen no clima, explicando como actúan nel e adquirindo unha idea básica de clima e dos factores que o determinan.
- Explicar que é unha paisaxe, identificar os principais elementos que o compoñen e as características dos principais paisaxes de España e de Europa.

- .Explicar a influencia do comportamento humano no medio natural, identificando o uso sostible dos recursos naturais propoñendo unha serie de medidas necesarias para o desenvolvemento sostible da humanidade, especificando os seus efectos positivos.
- Explicar as consecuencias que teñen as nosas accións sobre o clima e o cambio climático.
- Comprender e interpreta os principais conceptos demográficos e calculalos a partir dos datos de poboación.
- .Describir os movementos migratorios da poboación galega e de España explicando o éxodo rural, a emigración a Europa, e a chegada de emigrantes ao noso país e identificar os problemas actuais da poboación.
- .Identificar as actividades que pertencen a cada un dos sectores económicos, describir as características destes recoñecendo as principais actividades económicas de España e Europa.
- .Describir o funcionamento da publicidade e as súas técnicas distinguindo publicidade educativa e publicidade consumista.
- Tomar conciencia do valor do diñeiro e dos seus usos mediante un consumo responsable e o sentido do aforro.
- .Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia.
- .Utiliza as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade para ordenar temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos relevantes.

- .Identificar, localizar no tempo e no espazo e comprender os procesos e acontecementos históricos, políticos, sociais e culturais, máis relevantes da historia de España para adquirir unha perspectiva global da súa evolución.
- .Desenvolver a curiosidade por coñecer as formas da vida humana no pasado, valorando a importancia que teñen os restos para o coñecemento e estudo da historia e como patrimonio cultural que hai que coidar e legar.
- Valorar a importancia dos museos, sitios e monumentos históricos como espazos onde se ensina e aprende, amosando unha actitude de respecto á súa contorna e á súa cultura, apreciando a herdanza cultural.

### **Xeografía e historia (1º de ESO)**

- Coñecer o sistema solar e establecer as relacións entre os movementos da terra e a existencia das estacións e do día e da noite, e comprender a súa importancia.
- Analizar e identificar o mapa, e coñecer as imaxes de satélite e os seus usos principais.
- Localizar espazos xeográficos e lugares nun mapa ou imaxe de satélite, utilizando datos de coordenadas xeográficas.
- Ter unha visión global do medio físico europeo e mundial, e das súas características xerais.
- Situar no mapa de Europa as unidades e os elementos principais do relevo continental.

- Coñecer, describir e valorar a acción do ser humano sobre o ambiente e as súas consecuencias.
- Explicar as características de cada tempo histórico.
- Entender o proceso de hominización.
- Datar a Prehistoria e a Idade Antiga, e distinguir a escala temporal de etapas como estas.
- Coñecer as características da vida humana correspondentes aos dous períodos en que se divide a Prehistoria: Paleolítico e Neolítico.
- Recoñecer a importancia da descuberta da escritura.
- Explicar as etapas en que se divide a historia de Exipto.
- Entender a transcendencia do concepto de colonización.
- Identificar e describir os trazos característicos de obras da arte grega e romana, diferenciando entre os que son específicos.
- Establecer conexións entre o pasado da Hispania romana e o presente.

### **Xeografía e historia (2º de ESO)**

- Coñecer o Sistema Solar e establecer as relacións entre os movementos da terra e a existencia das estacións e do día e da noite, e comprender a súa importancia na distribución dos climas e da Biota.
- Identificar e distinguir os sistemas de representación cartográfica, en soporte analóxico e dixital, e as súas escalas.
- Analizar e identificar o mapa, e coñecer as imaxes de satélite e os seus usos principais.

- Localizar espazos xeográficos e lugares nun mapa ou imaxe de satélite, utilizando datos de coordenadas xeográficas.
- Localizar no mapamundi físico as principais unidades do relevo mundiais, os grandes ríos e as grandes zonas climáticas, e identificar as súas características.
- Ter unha visión global do medio físico europeo e mundial, e das súas características xerais.
- Ser capaz de describir as peculiaridades do medio físico europeo.
- Situar no mapa de Europa as unidades e os elementos principais do relevo continental.
- Coñecer, comparar e describir os grandes conxuntos bioclimáticos que conforman o espazo xeográfico europeo.
- Coñecer os principais espazos naturais do noso continente.
- Coñecer, describir e valorar a acción do ser humano sobre o ambiente e as súas consecuencias.
- Entender o proceso de hominización.
- Datar a Prehistoria e a Idade Antiga, e distinguir a escala temporal de etapas como estas.
- Identificar e localizar no tempo e no espazo os procesos e os acontecementos históricos máis salientables da Prehistoria e da Idade Antiga, para adquirir unha perspectiva global da súa evolución.
- Coñecer as características da vida humana correspondentes aos dous períodos en que se divide a Prehistoria: Paleolítico e Neolítico.

- Identificar os primeiros ritos relixiosos.
- Coñecer algunhas características da vida humana neste período, así como o establecemento e a difusión de diferentes culturas urbanas, despois do neolítico.
- Recoñecer a importancia da descuberta da escritura.
- Explicar as etapas en que se divide a historia de Exipto.
- Identificar as principais características da relixión exipcia.
- Localizar e describir algúns exemplos arquitectónicos de Exipto e de Mesopotamia.
- Coñecer os trazos principais das polis gregas e a transcendencia do concepto de democracia.
- Entender a transcendencia do concepto de colonización.
- Distinguir entre o sistema político grego e o helenístico.
- Entender o alcance do clásico na arte e na cultura occidentais.
- Caracterizar os trazos principais da sociedade, a economía e a cultura romanas, e recoñecer os conceptos de cambio e continuidade na historia da Roma antiga.
- Identificar e describir os trazos característicos de obras da arte grega e romana, diferenciando entre os que son específicos.
- Establecer conexións entre o pasado da Hispania romana e o presente.

### **Xeografía e historia (3º de ESO)**



- Localizar e interpretar espazos xeográficos e lugares nun mapa ou imaxe satélite.
- Coñecer a organización administrativa e territorial de España.
- Analizar os datos do peso do sector terciario dun país fronte aos do sector primario e secundario, e extraer conclusións.
- Entender a idea de desenvolvemento sustentable e as súas implicacións.
- Explica e localiza os tipos de pesca e os seus problemas.
- Explicar a distribución desigual das rexións industrializadas no mundo.
- Analizar o impacto dos medios de transporte no seu contorno.
- Analizar o desenvolvemento do turismo e a súa importancia económica.
- Analizar gráficos de barras por países e textos onde se reflictan os niveis de consumo, o comercio desigual e a débeda externa entre países en desenvolvemento e os desenvolvidos.
- Relacionar áreas de conflito bélico no mundo con factores económicos.
- Recoñecer que o pasado non está "morto e enterrado", senón que determina o presente e os posibles futuros e espazos, ou inflúe neles.
- Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía)

### **Ciencias Naturais (6º Primaria)**

- Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, facendo predicións sobre sucesos naturais, integrando datos

de observación directa e indirecta a partir da consulta de fontes directa e indirectas e comunicando os resultados en diferentes soportes.

- Traballar de forma cooperativa, apreciando o coidado pola seguridade propia e a dos seus compañeiros/as, coidando as ferramentas e facendo uso adecuado dos materiais.
- .Realizar proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións e presentar informes coas conclusións en diferentes soportes.
- Identificar e localizar os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano e establecer algunhas relacións fundamentais entre elas e determinados hábitos de saúde.
- Coñecer o funcionamento de células, tecidos, órganos, aparellos, sistemas: a súa localización, forma, estrutura, funcións, coidados etc.
- Relacionar determinadas prácticas de vida co adecuado funcionamento do corpo, adoptando estilos de vida saudables e coñecendo as repercusións para a saúde.
- Coñecer a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, tipos, órganos, aparellos e sistemas: identificando as principais características e funcións.
- Coñecer diferentes niveis de clasificación dos seres vivos, atendendo ás súas características e tipos.
- Investigar as características de ecosistemas do seu contorno mediante a recollida de datos, facendo hipóteses, empregando diversas fontes de información e presentando os resultados en diferentes soportes,

mostrando interese pola rigorosidade e hábitos de respecto e coidado cara aos seres vivos.

- Coñecer leis básicas que rexen fenómenos como a reflexión da luz, a transmisión da corrente eléctrica, os cambios de estado e as reaccións químicas: a combustión, a oxidación e a fermentación.
- Planificar e realizar sinxelas investigacións para estudar o comportamento dos corpos diante das forzas, a luz, a electricidade, o magnetismo, a calor ou o son.
- Realizar experiencias sinxelas e pequenas investigacións sobre diferentes fenómenos físicos e químicos da materia.
- Coñecer os principios básicos que rexen as máquinas e os aparellos.
- Realizar experiencias sinxelas para coñecer as leis básicas que rexen a transmisión da corrente eléctrica.
- Coñecer os principais avances da ciencia e da tecnoloxía. Identificar os beneficios e riscos.

### **Biología e xeoloxía (1º de ESO)**

- Expor a organización do Universo e do Sistema Solar, así como algunhas das concepcións que sobre este sistema planetario se tiveron ao longo da historia.
- Relacionar comparativamente a posición dun planeta no sistema solar coas súas características.

- Localizar a posición da Terra no Sistema Solar.
- Establecer os movementos da Terra, da Lúa e do Sol, e relacionalos coa existencia do día e a noite, as estacións, as mareas e as eclipses.
- Identificar os materiais terrestres segundo a súa abundancia e a distribución nas grandes capas da Terra.
- Recoñecer as propiedades e as características dos minerais e das rochas, distinguir as súas aplicacións máis frecuentes e salienta a súa importancia económica e a xestión sustentable.
- Analizar as características e a composición da atmosfera, e as propiedades do aire.
- Describir as propiedades da auga e a súa importancia para a existencia da vida.
- Interpretar a distribución da auga na Terra, así como o ciclo da auga e o uso que fai dela o ser humano.
- Seleccionar as características que fan da Terra un planeta especial para o desenvolvemento da vida.
- Recoñecer a importancia da biodiversidade e as características morfolóxicas principais dos grupos taxonómicos.
- Caracterizar os principais grupos de invertebrados e vertebrados.
- Coñecer e definir as funcións vitais das plantas e a súa importancia para a vida, e caracterizar os principais grupos de plantas.
- Diferenciar os compoñentes dun ecosistema.

- Identificar nun ecosistema os factores desencadeantes de desequilibrios e establecer estratexias para restablecer o seu equilibrio.
- Recoñecer e difundir accións que favorezan a conservación ambiental.

### **Biología e xeoloxía (3º de ESO)**

- Utilizar adecuadamente o vocabulario científico nun contexto preciso e adecuado ao seu nivel.
- Realizar un traballo experimental con axuda dun guión de prácticas de laboratorio ou de campo, describir a súa execución e interpretar os seus resultados.
- Recoñecer que os seres vivos están constituídos por células e determinar as características que os diferencian da materia inerte.
- Describir as funcións comúns a todos os seres vivos, diferenciando entre nutrición autótrofa e heterótrofa.
- diferenciar as súas funcións
- Diferenciar os tecidos máis importantes do ser humano e a súa función.
- Descubrir, a partir do coñecemento do concepto de saúde e doenza, os factores que os determinan.
- Seleccionar información, establecer diferenzas dos tipos de doenzas dun mundo globalizado e deseñar propostas de actuación.
- Recoñecer a diferenza entre alimentación e nutrición, e diferenciar os principais nutrientes e as súas funcións básicas.

- Investigar as alteracións producidas por distintos tipos de substancias aditivas, e elaborar propostas de prevención e control.
- Explicar os procesos fundamentais da nutrición, utilizando esquemas gráficos dos aparellos que interveñen nela.
- Identificar os compoñentes dos aparellos dixestivo, circulatorio, respiratorio e excretor, e coñecer o seu funcionamento.
- Describir os procesos implicados na función de relación, e os sistemas e aparellos implicados, e recoñecer e diferenciar os órganos dos sentidos e os cuidados do oído e a vista.
- Identificar os principais ósos e músculos do aparello locomotor.
- Referir os aspectos básicos do aparello reprodutor, diferenciar entre sexualidade e reprodución, e interpretar debuxos e esquemas do aparello reprodutor.
- Valorar e considerar a súa propia sexualidade e a das persoas do contorno, e transmitir a necesidade de reflexionar, debater, considerar e compartir.
- Identificar algunhas das causas que fan que o relevo difira duns sitios a outros.
- Relacionar os procesos xeolóxicos externos coa enerxía que os activa e diferenciarlos dos procesos internos.
- Valorar e analizar a importancia das augas superficiais e subterráneas, e xustificar a súa dinámica e a súa relación coas augas superficiais

- Analizar a dinámica mariña, eólica e xeolóxica e a súa influencia na modelaxe litoral.
- Indagar e identificar os factores que condicionan a modelaxe da paisaxe nas zonas próximas ao alumnado.
- Recoñecer e identificar a actividade xeolóxica dos seres vivos e valorar a importancia da especie humana como axente xeolóxico externo.
- Diferenciar os cambios na superficie terrestre xerados pola enerxía do interior terrestre dos de orixe externa.
- Analizar os compoñentes do solo e esquematizar as relacións entre eles.

### **Física e Química (2º de ESO)**

- Valorar a investigación científica e o seu impacto na industria e no desenvolvemento da sociedade.
- Aplicar os procedementos científicos para determinar magnitudes.
- Recoñecer os materiais e os instrumentos básicos presentes no laboratorio de física e de química, e coñecer e respectar as normas de seguridade e de eliminación de residuos para a protección ambiental.
- Desenvolver pequenos traballos de investigación.
- Recoñecer as propiedades xerais e as características específicas da materia, e relacionalas coa súa natureza e as súas aplicacións.
- Xustificar as propiedades dos estados de agregación da materia e os seus cambios de estado, a través do modelo cinético molecular.

- Identificar sistemas materiais como substancias puras ou mesturas, e valorar a importancia e as aplicacións de mesturas de especial interese.
- Distinguir entre cambios físicos e químicos mediante a realización de experiencias sinxelas que poñan de manifesto se se forman ou non novas substancias.
- Valorar a importancia da industria química na sociedade e a súa influencia no ambiente.
- Recoñecer o papel das forzas como causa dos cambios no estado de movemento e das deformacións.
- Diferenciar entre velocidade media e instantánea a partir de gráficas espazo/tempo e velocidade/tempo, e deducir o valor da aceleración utilizando estas últimas.
- Comprender o papel que xoga o rozamento na vida cotiá.
- Considerar a forza gravitatoria como a responsable do peso dos corpos, dos movementos orbitais e dos niveis de agrupación no Universo, e analizar os factores dos que depende.
- Recoñecer que a enerxía é a capacidade de producir transformacións ou cambios.
- Identificar os tipos de enerxía postos de manifesto en fenómenos cotiáns e en experiencias sinxelas realizadas no laboratorio.
- Valorar o papel da enerxía nas nosas vidas, identificar as fontes, comparar o seu impacto ambiental e recoñecer a importancia do aforro enerxético para un desenvolvemento sustentable.



### **Física e Química (3º de ESO)**

- Valorar a investigación científica e o seu impacto na industria e no desenvolvemento da sociedade.
- Aplicar os procedementos científicos para determinar magnitudes e expresar os resultados co erro correspondente.
- Recoñecer que os modelos atómicos son instrumentos interpretativos de diferentes teorías e a necesidade da súa utilización para a interpretación e a comprensión da estrutura interna da materia.
- Desenvolver pequenos traballos de investigación en que se poña en práctica a aplicación do método científico e a utilización das TIC.
- Interpretar a ordenación dos elementos na táboa periódica e recoñecer os máis relevantes a partir dos seus símbolos.
- Describir como se unen os átomos para formar estruturas máis complexas e explicar as propiedades das agrupacións resultantes.
- Diferenciar entre átomos e moléculas, e entre elementos e compostos en substancias de uso frecuente e coñecido.
- Describir a nivel molecular o proceso polo que os reactivos se transforman en produtos, en termos da teoría de colisións.
- Valorar a importancia da industria química na sociedade e a súa influencia no ambiente.

- Interpretar fenómenos eléctricos mediante o modelo de carga eléctrica e valorar a importancia da electricidade na vida cotiá.
- Recoñecer as forzas que aparecen na natureza e os fenómenos asociados a elas.
- Identificar e comparar as fontes de enerxía empregadas na vida diaria nun contexto global que implique aspectos económicos e ambientais.
- Valorar a importancia de realizar un consumo responsable das fontes enerxéticas.
- Explicar o fenómeno físico da corrente eléctrica e interpretar o significado das magnitudes de intensidade de corrente, diferenza de potencial e resistencia, así como as relacións entre elas.
- Describir a forma en que se xera a electricidade nos distintos tipos de centrais eléctricas, así como o seu transporte aos lugares de consumo.

### **Educación física (6º Primaria)**

- Opinar coherentemente con actitude crítica tanto desde a perspectiva de participante como de espectador ou espectadora, ante as posibles situacións conflitivas xurdidas, participando en debates, e aceptando as opinións das demais persoas.
- Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e ás demais persoas nas actividades físicas,

en distintos contornos incluíndo a natural e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.

- Valorar, aceptar e respectar a propia realidade corporal e a das demais persoas, mostrando unha actitude reflexiva e crítica.
- Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.
- Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, de forma estética e creativa, comunicando sensacións, emocións e ideas.
- Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades artístico-expresivas.
- Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo.
- Mellorar o nivel das súas capacidades físicas, regulando e dosificando a intensidade e duración do esforzo, tendo en conta as súas posibilidades e a súa relación coa saúde.
- Identificar e interiorizar a importancia da prevención, a recuperación e as medidas de seguridade na realización da práctica da actividade física.
- Resolver retos tácticos elementais propios do xogo e de actividades físicas, con ou sen oposición, aplicando principios e regras para resolver

as situacións motrices, actuando de forma individual, coordinada e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en xogos e actividades

- Coñecer, valorar e poñer en práctica a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas, en especial as de Galicia.
- Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades físico-deportivas.
- Manifestar respecto cara o contorno e o medio natural nos xogos e actividades ao aire libre.

### **Educación física (1º ESO)**

- Recoñecer as posibilidades das actividades físico-deportivas e artístico-expresivas como formas de inclusión social, e a participación doutras persoas independentemente das súas características, colaborando con elas e aceptando as súas achegas.
- Recoñecer as posibilidades que ofrecen as actividades físico deportivas como formas de lecer activo e de utilización responsable do contorno próximo.
- Controlar as dificultades e os riscos durante a súa participación en actividades físico-deportivas e artístico-expresiva, adoptando medidas preventivas e de seguridade no seu desenvolvemento.

- Interpretar e reproducir accións motoras con finalidades artístico expresivas, utilizando técnicas sinxelas de expresión corporal.
- Recoñecer e aplicar os principios de alimentación e da actividade física saudable.
- Resolver situacións motoras individuais sinxelas aplicando os fundamentos técnicos e as habilidades específicas, das actividades físico deportivas adaptadas propostas.
- Resolver situacións motoras sinxelas de oposición, colaboración ou colaboración-oposición facilitada, utilizando as estratexias máis axeitadas en función dos estímulos relevantes.

### **Educación física (2º ESO)**

- Recoñecer e aplicar actividades propias de cada fase da sesión de actividade física, en relación coas súas características.
- Recoñecer as posibilidades das actividades físico-deportivas e artístico-expresivas como formas de inclusión social, facilitando a eliminación de obstáculos á participación doutras persoas independentemente das súas características, colaborando elas e aceptando as súas achegas.
- Recoñecer as posibilidades que ofrecen as actividades físico deportivas como formas de lecer activo e de utilización responsable do contorno.
- Controlar as dificultades e os riscos durante a súa participación en actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, analizando as

características destas e as interaccións motoras que levan consigo, e adoptando medidas preventivas e de seguridade no seu desenvolvemento.

- Interpretar e producir accións motoras con finalidades artístico expresivas, utilizando técnicas de expresión corporal e outros recursos.
- Recoñecer os factores básicos que interveñen na acción motora e os mecanismos de control da intensidade da actividade física, e aplicalos á propia práctica, en relación coa saúde e a alimentación.
- Desenvolver as capacidades físicas máis salientables desde a perspectiva da súa saúde de acordo coas posibilidades persoais.
- Resolver situacións motoras de oposición, colaboración ou colaboración-oposición facilitadas, utilizando as estratexias máis axeitadas en función dos estímulos máis relevantes.

### **Educación física (3º de ESO)**

- Desenvolver actividades propias de cada fase da sesión de actividade física, en relación coas súas características.
- Recoñecer as posibilidades das actividades físico-deportivas e artístico-expresivas como formas de inclusión social, facilitando a eliminación de obstáculos á participación doutras persoas independentemente das súas características, colaborando con elas e aceptando as súas achegas.
- Recoñecer as posibilidades que ofrecen as actividades físico-deportivas como formas de lecer activo e de utilización responsable do contorno.

- Controlar as dificultades e os riscos durante a súa participación en actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, analizando as características destas e as interaccións motoras que levan consigo, e adoptando medidas preventivas e de seguridade no seu desenvolvemento.
- Interpretar e producir accións motoras con finalidades artístico-expresivas, utilizando técnicas de expresión corporal e outros recursos.
- Recoñecer os factores que interveñen na acción motora e os mecanismos de control da intensidade da actividade física, aplicándoos á propia práctica, en relación coa saúde e a alimentación.
- Desenvolver as capacidades físicas de acordo coas posibilidades persoais e dentro das marxes da saúde, amosando unha actitude de autoexigencia no seu esforzo.
- Resolver situacións motoras individuais aplicando os fundamentos técnicos e habilidades específicas, das actividades físico-deportivas propostas, en condicións reais ou adaptadas.
- Execución de habilidades motrices técnico-tácticas vinculadas aos deportes colectivos en distintas situacións, respectando os regulamentos específicos.
- Práctica de actividades e xogos para a aprendizaxe dos deportes colectivos.

### **Valores Sociais e Cívicos (6º Primaria)**

- Construír o estilo persoal baseándose na respectabilidade e na dignidade persoal.
- Estructurar un pensamento efectivo e independente empregando as emocións de forma positiva.
- Desenvolver o propio potencial, mantendo unha motivación intrínseca e esforzándose para o logro de éxitos individuais e compartidos.
- Adquirir capacidades para tomar decisións de forma independente, manexando as dificultades para superar frustracións e sentimentos negativos ante os problemas.
- Propoñerse desafíos e levalos a cabo mediante unha toma de decisións persoal, meditada e responsable, desenvolvendo un bo sentido do compromiso respecto a un mesmo e aos demais.
- Desenvolver a autonomía e a capacidade de emprendemento para conseguir logros persoais responsabilizándose do ben común.
- Empregar a aserción.
- Dialogar creando pensamentos compartidos con outras persoas para atopar o mellor argumento.
- Establecer relacións interpersoais positivas empregando habilidades sociais.
- Analizar criticamente as consecuencias dos prexuízos sociais, reflexionando sobre os problemas que provocan e o seu efecto nas persoas que os sofren.



- Resolver problemas en colaboración, poñendo de manifesto unha actitude aberta cara aos demais e compartindo puntos de vista e sentimentos.
- Traballar en equipo favorecendo a interdependencia positiva e amosando condutas solidarias.
- Participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática transformando o conflito en oportunidade, coñecendo e empregando as fases da mediación e usando a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais.
- Practicar o altruísmo no contorno próximo sensibilizando sobre o seu valor.
- Crear un sistema de valores asumindo os dereitos e deberes do alumnado, realizando xuízos morais de situacións escolares e resolvendo dilemas morais con supostos prácticos.
- Comprender o que é un dilema moral e resolver dilemas morais para detectar prexuízos relativos ás diferenzas culturais.
- Comprender a declaración da igualdade de dereitos e a non discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, aplicándoa á análise do contorno social.
- Expresar a relevancia de preservar os dereitos de libre expresión e opinión, liberdade de pensamento, de conciencia e de relixión realizando traballos de análise e síntese.

- Participar activamente na vida cívica valorando a igualdade de dereitos e corresponsabilidade de homes e mulleres.
- Valorar o uso responsable das fontes de enerxía no planeta concienciándose do respecto ao contorno e desenvolvendo a capacidade crítica cara aos acontecementos que o modifican.
- Ser capaz de realizar primeiros auxilios e tomar medidas preventivas, valorando a importancia de previr accidentes domésticos.
- Empregar as novas tecnoloxías desenvolvendo valores sociais e cívicos en contornos seguros.
- Analizar criticamente a influencia da publicidade sobre o consumo empregando as novas tecnoloxías.
- Investigar sobre a prevención de accidentes de tráfico xerando iniciativas e alternativas persoais.

### **Valores éticos (1º de ESO)**

- Construír un concepto de persoa, consciente de que esta é indefinible, valorando a dignidade que posúe polo feito de ser libre.
- Comprender a crise da identidade persoal que xorde na adolescencia e as súas causas, e describir as características dos grupos que forman e a influencia que exercen sobre os seus membros, coa finalidade de tomar conciencia da necesidade que ten, para seguir medrando moralmente e pasar á vida adulta, do desenvolvemento da súa autonomía persoal e do control da súa conduta.

- Describir en que consiste a personalidade e valorar a importancia de enriquecela con valores e virtudes éticas, mediante o esforzo e a vontade persoal.
- Analizar en que consiste a intelixencia emocional e valorar a súa importancia no desenvolvemento moral do ser humano.
- Estimar a importancia do desenvolvemento da intelixencia emocional e a súa influencia na construción da personalidade e o seu carácter moral, con capacidade de empregar a introspección para recoñecer emocións e sentimentos no seu interior, para mellorar as súas habilidades emocionais.
- Comprender e apreciar a capacidade do ser humano, para influír de maneira consciente e voluntaria na construción da súa propia identidade, consonte os valores éticos, e así mellorar a súa autoestima.
- Coñecer os fundamentos da natureza social do ser humano e a relación dialéctica que se establece entre este e a sociedade, estimando a importancia dunha vida social dirixida polos valores éticos.
- Describir e valorar a importancia da influencia do contorno social e cultural no desenvolvemento moral da persoa, a través da análise do papel que desempeñan os axentes sociais.
- Distinguir na persoa os ámbitos da vida privada e da vida pública, a primeira regulada pola ética e a segunda polo dereito, coa finalidade de identificar os límites da liberdade persoal e social.
- Xustificar a importancia dos valores e das virtudes éticas para conseguir unhas relacións interpersoais xustas, respectuosas e satisfactorias.

- Distinguir entre ética e moral, sinalando as semellanzas e as diferenzas entre elas e estimando a importancia da reflexión ética como un saber práctico necesario para guiar de forma racional a conduta do ser humano á súa plena realización.
- Recoñecer que a liberdade constitúe a raíz da estrutura moral na persoa e apreciar o papel que a intelixencia e a vontade teñen como factores que incrementan a capacidade de autodeterminación.
- Xustificar e apreciar o papel dos valores na vida persoal e social, resaltando as súas características, a súa clasificación e a súa xerarquía, coa finalidade de comprender a súa natureza e a súa importancia.
- Tomar conciencia da importancia dos valores e das normas éticas, como guía da conduta individual e social, asumindo a responsabilidade de difundilos e promovelos polos beneficios que proporcionan á persoa e á comunidade.
- Identificar, no preámbulo da DUDH, o respecto á dignidade das persoas e os seus atributos esenciais como o fundamento do que derivan todos os dereitos humanos.
- Estimar a importancia do problema actual do exercicio dos dereitos da muller e da infancia en grande parte do mundo, coñecendo as súas causas e tomando conciencia deles, coa finalidade de promover a súa solución.
- Apreciar o labor que realizan institucións e ONG que traballan pola defensa dos dereitos humanos, auxiliando as persoas que por natureza os posúen, pero non teñen a oportunidade de exercelos.

### **Valores éticos (2º de ESO)**

- Construír un concepto de persoa, consciente de que esta é indefinible, valorando a dignidade que posúe polo feito de ser libre.
- Identificar os conceptos de heteronomía e autonomía.
- Distinguir, na persoa, os ámbitos da vida privada e da vida pública, a primeira regulada pola ética e a segunda polo dereito, coa finalidade de identificar os límites da liberdade persoal e social.
- Distinguir entre ética e moral.
- Resaltar a importancia dos valores éticos.
- Establecer o concepto de normas éticas e apreciar a súa importancia.
- Comprender e valorar a importancia da relación entre os conceptos de ética, política e xustiza.
- Recoñecer a importancia da dimensión moral da ciencia e a tecnoloxía, así como a necesidade de establecer límites éticos e xurídicos, coa finalidade de orientar a súa actividade consonte os valores defendidos pola DUDH.

### **Valores éticos (3º de ESO)**

- Xustificar racionalmente a necesidade dos valores e principios éticos contidos na DUDH, como fundamento universal das democracias durante os séculos XX e XXI, destacando as súas características e a súa relación cos conceptos de "Estado de dereito" e "división de poderes".

- Recoñecer a necesidade da participación activa dos cidadáns e das cidadás na vida política do Estado coa finalidade de evitar os riscos dunha democracia que viole os dereitos humanos.
- Coñecer e valorar os fundamentos da Constitución española de 1978, identificando os valores éticos dos que parte e os conceptos preliminares que establece.
- Comprender os "dereitos e deberes dos cidadáns" (artigos do 30 ao 38) e os "principios reitores da política social e económica" (artigos do 39 ao 52).
- Coñecer e valorar os elementos esenciais do Estatuto de autonomía de Galicia.
- Coñecer os elementos esenciais da UE, analizando os beneficios recibidos e as responsabilidades adquiridas polos estados membros e a súa cidadanía, coa finalidade de recoñecer a súa utilidade e os logros alcanzados por esta.
- Sinalar a vinculación entre a ética, o dereito e a xustiza, a través do coñecemento das súas semellanzas, diferenzas e relacións, e analizar o significado dos termos de legalidade e lexitimidade.
- Analizar o momento histórico e político que impulsou a elaboración da DUDH e a creación da ONU, coa finalidade de entendela como unha necesidade do seu tempo, cuxo valor continúa vixente como fundamento ético universal da lexitimidade do dereito e dos estados.
- Recoñecer que existen casos en que a investigación científica non é neutral, senón que está determinada por intereses políticos, económicos,

etc., mediante a análise da idea de progreso e a súa interpretación equivocada, cando os obxectivos non respectan un código ético fundamentado na DUDH.

### **Educación Plástica (6º Primaria)**

- Formular opinións cun criterio estético, oralmente ou por escrito, que expresen o respecto e a riqueza das achegas que ofrecen as manifestacións artísticas (plásticas, visuais ou musicais), apreciando as texturas, as formas, as liñas, as medidas e as cores.
- Aproximarse á lectura, a análise e a interpretación da arte e as imaxes fixas e en movemento nos seus contextos culturais e históricos, comprendendo de maneira crítica o significado e a función social, con capacidade para elaborar imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos.
- Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación de xeito responsable para a busca, creación e difusión de imaxes fixas e en movemento.
- Realizar producións plásticas seguindo pautas elementais do proceso creativo, experimentando, recoñecendo e diferenciando a expresividade

dos diversos materiais e técnicas pictóricas e elixindo as máis axeitadas para a realización da obra prevista.

- Representar volumes utilizando recursos como cores, claroscuros, corte, dobra e encartado.
- Utilizar as TIC para a busca e tratamento de imaxes, como ferramentas para deseñar documentos.
- Realizar producións plásticas, participando con interese e aplicación no traballo individual ou de forma cooperativa, respectando os materiais, os utensilios e os espazos, desenvolvendo a iniciativa e a creatividade, e apreciando a correcta e precisa realización dos exercicios e das actividades, a orde e a limpeza, o respecto polas normas, as regras e os/as compañeiros/as.
- Identificar conceptos xeométricos na realidade que rodea o alumnado, en relación cos conceptos xeométricos recollidos na área de matemáticas coa súa aplicación gráfica.
- Iniciarse no coñecemento e no manexo dos instrumentos e dos materiais propios do debuxo técnico, e empregalo adecuadamente.

### **Educación plástica, visual e audiovisual (1º de ESO)**

- Identificar os elementos configuradores da imaxe.
- Experimentar coas variacións formais do punto, o plano e a liña.
- Expresar emocións utilizando distintos elementos configurativos e recursos gráficos: liña, puntos, cores, texturas, claroscuros, etc.



- Experimentar coas cores primarias e secundarias.
- Transcribe texturas táctiles a texturas visuais mediante as técnicas de frottage, utilizándoas en composicións abstractas ou figurativas.
- Coñecer e aplicar as posibilidades expresivas das técnicas gráfico-plásticas secas, húmidas e mixtas: témpera, lapis de grafito e de cor; colaxe.
- Analizar e realizar cómics aplicando os recursos de adecuadamente.
- Diferenciar e analizar os elementos que interveñen nun acto de comunicación.
- Recoñecer as funcións da comunicación.
- Comprender e empregar os conceptos espaciais do punto, a liña e o plano.
- Coñecer con fluidez os conceptos de circunferencia, círculo e arco.
- Utilizar o compás, realizando exercicios variados para familiarizarse con esta ferramenta.
- Comprender o concepto de ángulo e bisectriz e a clasificación de ángulos agudos, rectos e obtusos.
- Coñecer lugares xeométricos e defínilos.
- Comprender a clasificación dos triángulos en función dos seus lados e dos seus ángulos.
- Construír triángulos coñecendo tres dos seus datos (lados ou ángulos).
- Coñecer os tipos de cuadriláteros.
- Executar as construcións máis habituais de paralelogramos.

- Clasificar os polígonos en función dos seus lados, recoñecendo os regulares e os irregulares.
- Estudar a construción dos polígonos regulares inscritos na circunferencia.

### **Educación plástica, visual e audiovisual (3º de ESO)**

- Crear composicións gráfico-plásticas persoais e colectivas.
- Debuxar con distintos niveis de iconicidade da imaxe.
- Identificar e diferenciar as propiedades da cor luz e a cor pigmento.
- Coñecer e aplicar as posibilidades expresivas das técnicas gráfico-plásticas secas, húmidas e mixtas. Témpera e lapis de grafito e de cor; colaxe.
- Identificar os elementos e factores que interveñen no proceso de percepción de imaxes.
- Recoñecer as leis visuais da Gestalt que posibilitan as ilusións ópticas e aplicar estas leis na elaboración de obras propias
- Coñecer os fundamentos da imaxe en movemento e explorar as súas posibilidades expresivas.
- Identificar signifiante e significado nun signo visual.
- Utilizar de xeito axeitado as linguaxes visual e audiovisual con distintas funcións.
- Identificar e recoñecer as linguaxes visuais apreciando os estilos e as tendencias, valorando, e respectando do patrimonio histórico e cultural, e gozando del.

- Coñecer lugares xeométricos e defínilos.
- Clasificar os polígonos en función dos seus lados, recoñecendo os regulares e os irregulares
- Estudar a construción de polígonos regulares coñecendo o lado.
- Comprender as condicións dos centros e as rectas tanxentes
- Estudar os conceptos de simetrías, xiros e translacións aplicándoos ao deseño de composicións con módulos.

### **Educación musical (6º Primaria)**

- Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son, de maneira que sirvan como marco de referencia para creacións propias.
- Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen.
- Interpretar composicións sinxelas que conteñan procedementos musicais de repetición, variación e contraste, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, asumindo a responsabilidade na interpretación en grupo e respectando tanto as achegas das demais persoas como a persoa que asuma a dirección.
- Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.

- Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza, valorar a súa achega ao patrimonio, e gozar coa súa interpretación como unha forma de interacción social.

### **Música (2º de ESO)**

- Recoñecer os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada e aplicándoos a través da lectura ou a audición e a interpretación de pequenas obras ou fragmentos musicais.
- Improvisar e interpretar estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns.
- Amosar interese polo desenvolvemento das capacidades e as habilidades técnicas como medio para as actividades de interpretación, aceptando e cumprindo as normas que rexen a interpretación en grupo e achegando ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.
- Participar activamente e con iniciativa persoal nas actividades de interpretación, asumindo diferentes papeis, intentando concertar a súa acción coa do resto do conxunto, achegando ideas musicais e contribuíndo ao perfeccionamento da tarefa en común.
- Identificar e describir os instrumentos e as voces, e as súas agrupacións.
- Seguir distintos tipos de partituras no contexto das actividades musicais da aula como apoio ás tarefas de audición.

- Identificar situacións do ámbito cotián nas que se produce un uso indiscriminado do son, analizar as súas causas e propor solucións.
- Realizar exercicios que reflectan a relación da música con outras disciplinas.
- Amosar interese polas músicas de distintas características, épocas e culturas, e por ampliar e diversificar as propias preferencias musicais, adoptando unha actitude aberta e respectuosa
- Apreciar a importancia do patrimonio cultural musical español e galego, e comprender o valor de conservalo e transmitilo.
- Utilizar recursos tecnolóxicos dispoñibles para gravar e producir música.
- Utilizar de xeito funcional os recursos informáticos dispoñibles para a aprendizaxe e a indagación do feito musical.

### **Música (3º de ESO)**

- Distinguir e utilizar os elementos da representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; notas adicionais, clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).
- Coñecer os principios básicos dos procedementos compositivos e as formas de organización musical.
- Amosar interese polo desenvolvemento das capacidades e as habilidades técnicas como medio para as actividades de interpretación, aceptando e

cumprindo as normas que rexen a interpretación en grupo, e achegando ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.

- Amosar interese polas actividades de composición, e improvisación e amosar respecto polas creacións dos seus compañeiros e das súas compañeiras.
- Participar activamente e con iniciativa persoal nas actividades de interpretación, asumindo diferentes papeis, intentando concertar a súa acción coa do resto do conxunto, achegando ideas musicais e contribuíndo ao perfeccionamento da tarefa en común.
- Explorar as posibilidades de distintas fontes e obxectos sonoros.
- Identificar e describir os instrumentos e voces e as súas agrupacións.
- Ler e analizar distintos tipos de partituras no contexto das actividades musicais da aula como apoio ás tarefas de audición.
- Recoñecer auditivamente e determinar a época ou a cultura á que pertencen distintas obras musicais, interesándose por ampliar as súas preferencias.
- Identificar e describir, mediante o uso de distintas linguaxes (gráfica, corporal ou verbal), algúns elementos e formas de organización e estruturación musical (ritmo, melodía, textura, timbre, repetición, imitación e variación) dunha obra musical interpretada en vivo ou gravada.
- Realizar exercicios que reflictan a relación da música con outras disciplinas.

- Demostrar interese por coñecer músicas de distintas características, épocas e culturas, e por ampliar e diversificar as propias preferencias musicais, adoptando unha actitude aberta e respectuosa.
- Distinguir, situar e caracterizar as grandes épocas da historia da música.
- Utilizar de maneira funcional os recursos informáticos dispoñibles para a aprendizaxe e a indagación do feito musical.

### **Tecnoloxía (2º de ESO)**

- Identificar e describir as etapas necesarias para a creación dun produto tecnolóxico desde o seu deseño ata a súa comercialización.
- Realizar as operacións técnicas previstas nun plan de traballo utilizando os recursos materiais e organizativos con criterios de economía, seguridade e respecto polo ambiente.
- Representar obxectos mediante vistas e perspectivas aplicando criterios de normalización e escalas.
- Analizar as propiedades dos materiais utilizados na construción de obxectos tecnolóxicos.
- Empregar técnicas e ferramentas adecuadas, con especial atención ás normas de seguridade e saúde.
- Identificar estruturas.

- Identificar operadores mecánicos de transformación e transmisión de movementos en máquinas e sistemas e empregalos para deseñar e montar sistemas mecánicos.
- Deseñar e simular circuitos eléctricos con simboloxía adecuada e montalos con operadores elementais.
- Distinguir as partes operativas dun equipamento informático.
- Utilizar un equipamento informático para elaborar e comunicar proxectos técnicos sinxelos.
- Deseñar e elaborar unha aplicación mediante un contorno de programación gráfico, utilizando o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.

### **Tecnoloxía (3º de ESO)**

- Identificar e describir as etapas necesarias para a creación dun produto tecnolóxico desde o seu deseño ata a súa comercialización, investigar a súa influencia na sociedade e propor melloras desde o punto de vista tanto da súa utilidade como do seu posible impacto social.
- Interpretar esbozos e bosquejos como elementos de información de produtos tecnolóxicos.
- Analizar as propiedades dos materiais utilizados na construción de obxectos tecnolóxicos, recoñecendo a súa estrutura interna, en relación coas propiedades que presentan e as modificacións que se poidan producir.



- Relacionar os efectos da enerxía eléctrica e a súa capacidade de conversión noutras manifestacións enerxéticas.
- Experimentar con instrumentos de medida e obter as magnitudes eléctricas básicas.
- Diseñar e simular circuítos con simboloxía adecuada e montar circuítos con operadores elementais.
- Distinguir as partes operativas dun equipamento informático.
- Utilizar de forma segura sistemas de intercambio de información.
- Utilizar un equipamento informático para elaborar e comunicar proxectos técnicos.

### **Cultura clásica (3º ESO)**

- Localizar nun mapa fitos xeográficos e enclaves concretos relevantes para o coñecemento das civilizacións grega e romana.
- Describir os marcos xeográficos en que se desenvolven as civilizacións grega e romana ao longo da súa historia.
- Coñecer as principais características de cada período da historia de Grecia e Roma, e saber situar nun eixe cronolóxico feitos históricos.
- Identificar, describir e explicar o marco histórico en que se desenvolven as civilizacións grega e romana.
- Coñecer os mitos e os heroes grecolatinos, e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais.

- Coñecer e comparar as características da relixiosidade e da relixión grega coas actuais.
- Explicar os fundamentos da relixiosidade romana e distinguir a relixión oficial das manifestacións do culto privado.
- Coñecer as características fundamentais da arte clásica e relacionar manifestacións artísticas actuais cos seus modelos clásicos.
- Identificar as características máis salientables da arquitectura grecorromana en relación cos edificios máis singulares.
- Coñecer as características das principais formas de organización política presentes no mundo clásico, e establecer semellanzas e diferenzas entre elas.
- Coñecer as características e a evolución das clases sociais en Grecia e Roma.
- Coñecer os trazos máis salientables da vida cotiá en Grecia e Roma.
- Coñecer a existencia de diversos tipos de escritura, distinguilos e comprender as súas funcións.
- Recoñecer a presenza de elementos dos alfabetos grego e latino nos alfabetos actuais.
- Coñecer a orixe común das linguas indoeuropeas.
- Coñecer a pervivencia da mitoloxía e os temas lexendarios nas manifestacións artísticas actuais.

- Identificar os aspectos máis importantes da historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país e recoñecer as pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización actual.

## **BIBLIOGRAFÍA**

- Ley Orgánica 8/2013, de 9 de diciembre, para la mejora de la calidad educativa.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 130/2007, do 28 de xuño, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia
- ORDE do 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para a realización do ditame de escolarización.
- Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais.

- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.